

CRA RAÍÑA ARAGONTA



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2019/2020

ÍNDICE

1. Contextualización da P.X.A.....	2
2. Obxectivos Específicos	10
3. Revisión dalgúns aspectos do Proxecto Educativo do Centro	12
4. Horarios e Criterios Pedagóxicos.....	12
5. Organización Xeral do centro.....	14
6. Programa Anual de Formación do Profesorado	19
7. Estratexias Metodolóxicas e Organizativas de atención ó alumnado con necesidades educativas especiais	20
8. Plano de Actuacións dos Órganos Colexiados e do equipo directivo	35
9. Programación e Calendario das reunións dos órganos colexiados e dos órganos de coordinación docente	37
10. Plano de Potenciación da Lingua Galega	38
11. Programa Anual de Actividades Complementarias-Extraescolares	40
12. Plano de Autoprotección do centro	49
13. Horario de Atención a Pais e Nais por parte do equipo directivo	50
14. Plano de Potenciación e organización das relacións coa comunidade e as familias.....	51
15. Plano de utilización das instalacións do centro	53
16. Regulamento de Organización do comedor.....	54
17. Libros de Texto e demais materiais Curriculares	55
18. Coordinación e organización das tarefas do persoal non docente	55
19. Plan Xeral de Avaliación do Centro.....	56
 ANEXOS	 58
 Plan da dinamización das TIC.....	 59
Plan da dinamización da biblioteca	66
Plan da dinamización de convivencia	70
Plan de plurinfantil.....	74
Plan de Igualdade.....	77

1.CONTEXTUALIZACIÓN DA P.X.A

O Colexio Rural Agrupado (CRA) *Raiña Aragonta* foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias. Dita proxecto foi previamente votado e resolto a favor por parte das nais e pais e obtivo o correspondente beneplácito do Concello de Salceda de Caselas.

O nome escollido para o Centro fai referencia a unha raíña chamada Aragonta que tras ser repudiada polo rei Ordoño II funda nestas terras no ano 914 un mosteiro dúplice para permanecer nel o resto dos seus días. Este mosteiro, que seguiu a regra de San Benito, foi chamado Santa María de Salceda, nome que da orixe ao topónimo deste concello.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) “RAIÑA ARAGONTA” atópase no Concello de Salceda de Caselas. A sede do CRA no que están as aulas de “Esfarrapada” están no núcleo urbano do Concello de Salceda e as restantes sete aulas en diversas parroquias do rural do concello.

O centro escolariza fundamentalmente a alumnas e alumnos da zona de influencia. Ao longo do curso o número de matrícula pode variar xa que se trata dun concello con moita mobilidade na súa poboación, pero cos datos do inicio do curso 2019/2020 contamos cun total de 263 nenas e nenos.

O noso CRA é un centro integrador, onde todas as persoas teñen cabida, sinalar que polo tanto tamén temos escolarizados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, sendo estas moi variadas.

No centro impártese en xornada continuada, o segundo ciclo de Educación Infantil, funcionando actualmente 16 unidades de Educación Infantil, distribuídas do seguinte modo:

AULAS DE ESFARRAPADA

3 AULAS	3 ANOS
3 AULAS	4 ANOS
3 AULAS	5 ANOS

AULA DE BARREIRO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE A LOMBA-BUDIÑO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE ENTENZA	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE FONTAN	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE PICOÑA	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE SAN XURXO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE SOUTELO	
1 AULA	3,4,5 ANOS

1.1. ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

- **Aspectos xeográficos.**

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Parte do seu territorio, as zonas norte, oriental e meridional, podémolo adxudicar á comarca do Condado, mentres que a zona occidental forma parte da Louriña.

Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación de aproximadamente 8.300 habitantes. Nos últimos anos está a experimentar un notable incremento.

Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que súa vez constitúe o único grupo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

A climatoloxía é semellante á da comarca do Condado, caracterizada por uns valores térmicos temperados, precipitacións relativamente frecuentes, névoas e xeadas no inverno. Todo isto inflúe nos cultivos e na súa configuración forestal.

▪ Aspectos socioeconómicos

Salceda nos últimos tempos experimentou un gran crecemento.

Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento da poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar.

Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, púideno oscilar dunhas familias a outras.

▪ Aspectos culturais

A multiplicidade de poderes nobiliarios ao longo da historia deste concello foi a que permitiu o asentamento e construción dos notables pazos e casas brasonadas que actualmente converten ao concello de Salceda de Caselas nunha auténtica *Terra de Pazos*, os cales salpican as distintas parroquias. Cabe destacar o da Picoña por ser un dos máis fermosos de Galiza, así como o de Pegullal, Avalor, Budiño e Corisca.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inqueda pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro.

Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Municipal. De feito, nestes últimos anos a Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos.

O Entroido en Salceda de Caselas posúe un interese tamén moi salientable. As comparsas das distintas parroquias son cada ano máis elaboradas e os desfiles atraen a numerosas persoas de dentro e fóra do concello. Esta festa vívese con moitísima entrega por parte da veciñanza, moitos da cal participa directamente na elaboración dos disfraces e carrozas. Resulta especialmente interesante o denominado *pique*, que fai referencia a o encontro das carrozas e comparsas de dous barrios veciños da parroquia de Santa María: Barreiro e A Feira, un dos cales será o gañador.

Por outra banda, a vida cultural das distintas parroquias é moi fluído debido á existencia de centros culturais que facilitan a participación da veciñanza en distintas actividades: teatro, biblioteca, música popular, canto coral, inglés, informática...

1.2. MARCO LEGAL

Na elaboración da PXA rexémonos pola normativa desenvolta no país a través das Leis Orgánicas e Reais Decretos concretados na nosa Comunidade Autónoma a través de diversos Decretos, Ordes Ministeriais e Circulares.

Actualmente tomamos como referencia a seguinte normativa:

1. MARCO CONSTITUCIONAL

- Constitución Española, do 27/12/1978.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. LEIS EDUCATIVAS E DE CARÁCTER XERAL

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa.

3. NORMATIVA XERAL

- Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de Xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (Dinamizacións).
- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se modifica a do 12 de agosto de 2010, pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.
- Orde do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. REQUISITOS MÍNIMOS DOS CENTROS

- Real decreto 132/2010, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas no segundo ciclo de EI, na EP e na Educación Secundaria.

5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (ROC)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente a Orde do 22 de xullo de 1997.

6. ESCOLARIZACIÓN DE ALUMNOS

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro polo que se regula a admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos.
- Orde do 12 de marzo do 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado.

7. ENSEÑANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO

- Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de EI.
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de EI.

8. AVALIACIÓN CURRICULAR

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de EI.

9. ORIENTACIÓN EDUCATIVA

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada no decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

10. AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con nee.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Real decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.

- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do extranxeiro.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 27/2007 de 23 de outubro pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio a comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- Resolución do 23 de outubro de 1991 que recolle as funcións dos cuidadores.

12. ATENCIÓN TEMPERÁ

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de Atención Temperá.

13. ACCESIBILIDADE, NON DISCRIMINACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro que regula a eliminación de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

- Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de Novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Instrucción do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020

14. AUTOPROTECCIÓN DE CENTROS

- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde de 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.

Teranse en conta ademais os últimos Protocolos publicados, no tocante a protección de datos, así como como os referidos ao absentismo e acoso escolar entre outros.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.- Acadar un clima de cordialidade que permita un bo desempeño do noso traballo.

2.- Avanzar dende a individualidade a un concepto máis amplo de cooperación do que participe todo o equipo docente do Colexio Rural Agrupado co obxecto de que este adquira pleno sentido.

- 3.- Acadar un nivel de comunicación co centro de primaria receptor do noso alumnado, suficiente para establecer unhas bases sobre as que establecer unha eficiente coordinación da que poidan beneficiarse as alumnas e os alumnos.
- 4.- Consegur unha boa adaptación do alumnado á realidade escolar.
- 5.- Avanzar nas diferentes competencias básicas.
- 6.- Educar na nosa lingua potenciando e fomentando o seu uso dentro e fóra do Centro.
- 7.- Aproximar ao alumnado a lingua estranxeira inglesa, a través de actividades promovidas dende o equipo de plurinfantil.
- 8.- Participar en plans e proxectos de innovación educativa: Plan Proxecta.
- 9.- Potenciar o traballo por proxectos e traballo cooperativo.
- 10.- Participar en actividades promovidas dende a biblioteca co fin de cumprir os requisitos esixidos na convocatoria do PLAMBE.
- 11.- Educar para a convivencia fomentando boas relacións persoais, o respecto pola nosa escola e o entorno natural.
- 12.- Impulsar o emprego das novas tecnoloxías e robótica dentro do eido da educación.
- 13.- Favorecer o desenvolvemento das competencias das nenas e dos nenos con necesidades educativas especiais nun ámbito plural e de igualdade, facendo fincapé no desenvolvemento dos aspectos sociais e afectivos.
- 14.- Concienciar, sensibilizar, motivar e incentivar o interese de toda a comunidade educativa polo alumnado con NEAE, especialmente alumnado

TEA por ser un centro de escolarización preferente neste ámbito.

15.- Comunicar e participar das experiencias e das problemáticas plantexadas nos outros Colexios Rurais Agrupados de Galicia.

16.- Revisar e actualizar a documentación do centro en base á nova normativa.

17.- Coidar o sentido estético do centro.

18.- Fomentar a participación activa das familias a través de xornadas de portas abertas, realización de actividades nas aulas ao longo de todo o curso, ou mediante reunións periódicas.

3. REVISIÓN DALGÚNS ASPECTOS DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

Ao inicio do curso 2018-2019, procedeuse á correspondente revisión do Proxecto Educativo do Centro, matizando aqueles aspectos susceptibles de modificación, é facendo unha análise exhaustiva daqueles cambios que foi preciso introducir.

Durante este curso escolar, dende Novembro ata Maio levarase a cabo a apertura de Biblioteca escolar ás familias e alumnos/as os martes de 16:00 a 17:00 horas coa finalidade de realizar préstamo de libros.

Ademais a partir deste curso escolar, o centro vai participar no programa de plurinfantil, así como tamén pasou a formar parte da rede de centros de escolarización preferente: TEA.

4. HORARIOS E CRITERIOS PEDAGÓXICOS

HORARIO XERAL

Neste curso escolar contamos con xornada única de mañá sendo o horario de clases de 9:15 a 14:15 horas.

Ao longo desta xornada de cinco horas facemos distintas actividades para conseguir o desenvolvemento dos distintos obxectivos como:

- ✓ Acollida dos nenos e nenas.
- ✓ Asemblea e nomeamento de axudantes do día.
- ✓ Presentación e traballo sobre o tema que nos ocupa no proxecto.
- ✓ Xogo por rincóns.
- ✓ Merenda e patio.
- ✓ Relaxación.
- ✓ Lectura e dramatización dun conto.
- ✓ Traballo con materiais manipulativos.
- ✓ Actividades de robótica.
- ✓ Actividades medioambientais.
- ✓ Actividades de psicomotricidade, relaxación e ioga.
- ✓ Actividades de expresión musical e danza.
- ✓ Uso das novas tecnoloxías, tablets e PDI.

Ao longo da xornada escolar, adícase un tempo as merendas dos nenos/as dentro da aula, que precede a un recreo de 30 minutos, que comprende desde ás 11:45 ás 12:15, nas aulas das parroquias o recreo comprende desde ás 11:30 ás 12:00, a variación destes horarios ven derivada da condición de itinerancia dos mestres especialistas e dos apoios no noso centro, precisamente por ser un CRA. Queda a elección dos titores/as, adicar outro pequeno espazo da mañá a actividades lúdicas ou de lecer, tendo en conta que as idades do noso alumnado comprenden dos 3 aos 6 anos.

No horario do equipo docente aparecen ademais dúas horas complementarias fixas os martes pola tarde para poder levar a cabo as reunións dos equipos de ciclo e outros órganos de coordinación.

Tamén os martes á tarde os pais e as nais das alumnas e dos alumnos poderán ser atendidos polo profesorado en horario de 16:00 a 17:00 horas; así como acudir a biblioteca do centro para realizar o préstamo de libros.

QUENDAS DE VIXILANCIA NOS RECREOS

Polas características do noso Centro, nas aulas de parroquia, será a titora ou mestre responsable de aula o encargado de facer a vixilancia do patio de recreo. No caso das aulas de Esfarrapada, cada mestre/a ten asignada unha zona dentro do patio que se establece no cuadrante seguinte, xa que debido ás dimensións do patio faise necesario unha organización da vixilancia por zonas, quedando recollido neste curso do seguinte xeito.

QUENDAS PATIO EN ESFARRAPADA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ENTRADA	Teresa María C.	Diana Abraham	Teresa Alicia	María F. Diego	Lucía María F.
CUBERTO	Alicia	Luz	Diego	Teresa	María C.
AREEIRO	Luz Laura	Teresa Lucía	Luz María C.	Lucía María C.	Diana Diego
PISTA 1	Abraham Diego	María F. Lucía	Miriam Diana	Alicia Diana	Luz Teresa
PISTA 2	Diana Lucía	Diego María C.	María F. Lucía	Luz Laura	Alicia Miriam

5. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

A) Profesorado

O CRA Raiña Aragonta neste curso 2019-2020 está composto por 27 mestres/as que están asignados da seguinte forma:

PERSONAL DOCENTE								
E. INFANTIL	E. MUSICAL	E. FISICA	RELIXIÓN	LINGUA	P.T.	A.L.	ORIENTADORA	TOTAL

			CATÓLICA	EXTRANXEIRA				
20	1	1	1	1	1	1	1	27

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA					
Definitivo	Comisión Servizos	Provisional	Funcionar. prácticas	Interino	Relixión
20	1	0	2	3	1

Ademais no centro tamén contamos con persoal non docente como son a coidadora e as limpadoras.

PERSOAL NON DOCENTE	
Coidador ou coidadora	Limpador ou limpadora
1	1 na sede do CRA e persoal do concello nas aulas de parroquia

B) Organización do centro

O Centro está composto por órganos de goberno e órganos de coordinación docente.

Os **órganos de goberno** subdivídense en dous grupos, os unipersoais (a Directora, o Xefe de Estudos e a Secretaria) e os colexiados (o Consello Escolar e o Claustro). O Claustro do noso Centro está constituído por 27 mestres e mestras e o Consello Escolar na actualidade estará formado pola Directora, Xefe de Estudos, Secretaria (con voz pero sen voto), 5 representantes de mestres e mestras, 5 representantes de pais e nais (entre os cales, un membro é representante da ANPA), 1 representante de persoal de administración e servizos, e 1 representante do concello .

ÓRGANOS DE GOBERNO		Compoñentes
Órganos unipersonais	Directora	1
	Xefa de Estudos	1
	Secretaria	1

Órganos colexiados	Claustro	27
	Consello Escolar	15

Os **órganos de coordinación docente** no noso Centro están compostos polos seguintes equipos:

- Equipo de Ciclo: formado polo coordinador e 27 membros.
- Equipo de Normalización Lingüística: composto por 5 integrantes, entre eles a coordinadora.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: constituído por 3 integrantes, entre eles a coordinadora.
- Titoras: 16 titoras de Educación Infantil.
- Departamento de Orientación: formado polo Orientador, mestre de Audición e Linguaxe, mestre de Pedagogía Terapéutica e Coordinadora de Ciclo.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica: composto pola Directora, o Xefe de estudos, Coordinadora de Ciclo, as mestras de apoio á atención de alumnos con NEAE, a coordinadora do equipo de Normalización Lingüística, e actuará como secretario un membro da comisión designado polo director, oídos os restantes membros.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	
Equipo de Ciclo	27
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	3
Equipo de Normalización Lingüística	5
Titoras	16
Departamento de Orientación	4
Comisión de Coordinación Pedagóxica	7

C) Alumnado

O Centro consta neste momento de 263 alumnas e alumnos matriculados, número que pode variar ao longo do curso escolar. O alumnado está distribuído da seguinte forma:

AULAS	3 AÑOS	4 AÑOS	5 AÑOS	TOTAL
BARREIRO	3	4	6	13
BUDIÑO	1	2	7	10
ENTENZA	1	5	3	9
ESFARRAPADA	55	59	62	176
FONTÁN	11	5	4	20
PICOÑA	4	3	1	8
SAN XURXO	6	4	7	17
SOUTELO	1	5	4	10
TOTAL	82	87	94	263

5.2.SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Actualmente nas instalacións do CRA foron solventadas algunhas das solicitudes que se lle fixeron ao Concello en cursos pasados.

No tocante á sede do CRA podemos destacar que se levaron a cabo algunhas das solicitudes feitas polos mestres/as así como pola dirección do centro.

Como principais obras levadas a cabo desde o concello, é preciso facer fincapé que ao longo deste verán leváronse a cabo diferentes melloras no mantemento das instalacións. Renovouse a pintura do corredor do segundo piso, así como dalgunha das aulas e despachos.

Hai que destacar tamén a mellora nos baños, reclamación que se viña facendo de xeito reiterado nos últimos anos; saneamento dos mesmos.

Tamén restauraron e reubicaron xogos de exterior (balancíns) así como reparación de bancos, e reposición de area.

O concello fíxose cargo a súa vez da reposición daqueles cristais que se atopaban en mal estado no edificio de Esfarrapada, consecuencia dos

continuos actos vandálicos que teñen lugar no contorno.

É preciso deixar constancia, que, un dos maiores problemas cos que se atopa este centro na actualidade, e para o que solicitamos por parte do concello unha maior vixilancia, é precisamente este tipo de actos que teñen lugar no entorno fora do horario lectivo. Neste momento está a supoñer un problema para o centro difícil de solventar, xa que teñen lugar en horas nas que non hai profesorado no mesmo.

De novo para este curso escolar, desde a dirección, convidamos ao concello, se faga cargo da instalación dunha cuberta no patio posterior, que solucione a saída dos nenos/as ao recreo nos días de choiva, ofrecendo unha colaboración, si fixera falta por parte do centro, no que respecta á financiación de dita instalación.

Igualmente, como en cursos anteriores, instamos ao Concello para colaborar na instalación dalgún sistema que protexa as aulas de Esfarrapada (sobre todo as situadas no andar superior) debido a que nos días de calor a temperatura elevase de xeito considerado, dificultando as actividades docentes e o benestar do alumnado e profesorado. Na actualidade estanse a realizar os trámites oportunos coa Unidade Técnica para dar resposta e solución a dita problemática.

Dende o curso pasado os alumnos/as poden entrar ou saír do centro a calquera hora, polo que é imposible compartir conserxe co CEP Altamira, tal e como se viña facendo ate o momento. É preciso dispor dun conserxe exclusivamente para o CRA, tanto para esa función como para manter en perfecto estado as instalacións do centro. Neste momento dispoñemos dun cadro de gardas que debe realizar o profesorado pero é inviable que se cubran todas as horas da mañá porque non dispomos de profesorado suficiente, problemática que se solventaría coa presenza dun Conserxe a tempo completo para o CRA.

Estamos detectando neste primeiro mes do curso escolar, que as horas que adica o conserxe actual ao mantemento e coidado das nosas instalacións non son suficientes.

De novo, tras moitos cursos solicitando se revise o contrato coa empresa de limpeza da sede do CRA das tardes, solicitaremos se leve a cabo esta revisión, xa que desde fai varios anos o número de alumnos incrementouse

considerablemente e as horas que se veñen adicando á limpeza non variaron, polo que se pode percibir que estas non son suficientes. Ademais solicitamos que se realice unha limpeza trimestral exhaustiva nas instalacións da sede do CRA así como nas aulas de parroquias.

Tamén se solicita que se continúe durante todo o curso coa limpeza a media mañá dos aseos de nenos/as, tal e como se está facendo neste momento. Xa que debido ao elevado número de alumnado que frecuentan ditas instalacións (176 nenos e nenas) están sucios e poden resultar perigosos pola acumulación de auga en ditas instancias.

Nas aulas de parroquia cabe destacar que se levaron a cabo diferentes melloras nalgunhas das aulas.

En todas as unitarias repuxéronse ou repararon xogos de exterior (tobogán, balancíns, etc)

No caso da aula de Budiño realizouse unha limpeza das canaletas do tellado.

O concello a súa vez participou do mantemento das aulas ao longo do verán, procurando que estiveran axeitadas para o inicio do curso escolar.

Ao longo deste curso, desde a dirección do centro, continuarase a dar traslado ao concello, de todas aquelas obras de mantemento que se consideren de especial relevancia, así como se trasladarán todas as solicitudes que nos fagan chegar as diferentes titoras das aulas, no que respecta a melloras e mantemento das instalacións. Solicítase que as obras ou arranxos de primeira necesidade se solventen na maior brevidade posible.

6. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante o presente ano académico, o profesorado do centro participará individualmente en variados cursos e actividades ofertadas por diferentes organismos (CEFORE, Consellería, Universidades, asociacións pedagóxicas,...). Para o curso 2019/2020, intentaremos participar de novo dalgún dos Plan Proxecta que promove a Consellería de Educación ao igual

que en cursos anteriores. Actualmente aínda non está aberta a convocatoria, polo que non pode quedar reflexado nesta programación.

A dirección do centro, presentará solicitude de participación naquel programa que resulte de maior interese para o profesorado e alumnado, e no caso de ser seleccionados, levarase a cabo dito programa ao longo deste curso escolar. Durante o curso 2018/2019 presentamos de novo un proxecto para participar nos premios Plan Proxecta, onde este centro foi premiado en terceiro posto na convocatoria 2017/2018.

Tamén realizaremos un proxecto común todo o centro potenciado e promovido dende a biblioteca do centro escolar.

Este curso escolar somos un centro de escolarización preferente de alumnos/as TEA, polo que unha parte do profesorado do centro realizará un seminario promovido por PFPP para ampliar os seus coñecementos.

Tamén formamos parte dos centros plurinfantil de Galicia, polo que realizaremos formación relativa a este ámbito.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

7.1. XUSTIFICACIÓN

O Plan de Orientación, pretende dar resposta á demanda legislativa xa que a normativa establece un marco para a atención educativa personalizada como garantía de igualdade de oportunidades.

Na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, establécese o novo marco no que se van a desenvolver todas as accións educativas, incluída por suposto, a labor orientadora, e recolle no seu preámbulo entre os seus principios básicos o logro de:

1. Educación de calidade para todo o alumnado.

2. Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
3. Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

Así mesmo, recoñécese a diversidade de cada alumno/a e salientase a necesidade de recoñecer as capacidades e habilidades de cada neno e nena. Ao mesmo tempo, destaca a importancia da educación como facilitadora do desenvolvemento persoal e integración social.

O Plan de Orientación xorde tamén da realidade escolar do noso centro, tratando de cumprir os seguintes principios:

- A orientación é un dereito do alumnado que se debe ofrecer ao longo de toda a escolaridade.
- O ámbito de intervención vai máis aló do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para abranguer a toda a poboación escolar e adaptarse a súa diversidade, sen esquecer os restantes membros da comunidade: a familia, o profesorado e a contorna social.
- A orientación debe ser unha tarefa colaboradora entre os distintos profesionais implicados que optimice a utilización dos recursos internos e externos existentes.
- O profesional da orientación debe asumir o rol de dinamizador do contexto socio - educativo, e o Departamento de Orientación, debe garantir que esta forme parte esencial da actividade educativa e que se establezan vías de asesoramento permanente ao alumnado e aos demais membros da comunidade educativa.

Este é un plan que tenta ser global, organizado, planificado e claro. Pretende ser coherente coa realidade do noso centro e con todos os documentos de organización e xestión do centro, servindo de este xeito, como punto de referencia estable do profesorado, vertebrando as actuacións ao longo do curso e dando continuidade ás mesmas en cursos sucesivos.

É un plan flexible, aberto, revisable e modificable o cal permite acoller calquera necesidade que poida aparecer, tendendo sempre á mellora e á calidade educativa.

7.2.CONTEXTUALIZACIÓN

7.2.1. Características do alumnado

O noso CRA é un centro integrador onde todas as persoas teñen cabida independentemente das súas características. Entre todos as nenas e nenos escolarizados na escola, cabe destacar a presenza dun elevado porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de diversa índole: alumnado estranxeiro, alumnado con retraso madurativo, alumnado con dificultades da linguaxe (Retraso Simple da Linguaxe, Trastorno Específico da Linguaxe,...), alumnado con alteracións da fala (retrasos na adquisición e desenvolvemento da fala, dislalias e disfemia), alumnado con trastornos xerais do desenvolvemento (Trastornos no Espectro Autista), así como, alumnado con condicións socio-familiares desfavorables.

Indicar que no presente curso escolar 2019-2020 foi concedida unha praza de PT, a través do concurso específico de mérito convocado pola Orde de 10 de xuño de 2019 de postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

7.2.2. Características do Departamento de Orientación

De acordo co Decreto 120/1998 do 23 de abril, constituíuse por primeira vez no CRA o Departamento de Orientación no curso 2008/2009.

Con data de 24 de setembro de 2019, modifícase en sesión do D.O. a composición do mesmo, quedando organizado para o curso 2019/2020 do seguinte modo:

- Xefe do Departamento: D. Damián Varela Sánchez.
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe: Dna. Sara Rodríguez da Silva.
- Especialista Pedagogía Terapéutica: Dna. Lorena Fernández González
- Coordinadora de ciclo: Dna. Diana Valeiras Rivera.

A directora do centro Dona Miriam Seoane Ferreira acudirá ás reunións do Departamento en calidade de convidada.

7.3. OBXECTIVOS XERAIS

7.3.1. Obxectivos referidos ao centro:

- Colaborar na elaboración e revisión dos diversos documentos do centro: Proxecto Educativo (PE), Concrecións Curriculares e Programacións Didácticas.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Colaborar na promoción da convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro, co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, prestando especial atención aos que presentan necesidades específicas.

7.3.2. Obxectivos referidos ao alumnado:

- Identificar as dificultades e potencialidades das alumnas e dos alumnos, o máis cedo posible, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social e posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), especialmente ao alumnado con TEA pola condición de centro de escolarización preferente neste ámbito.
- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar buscando a maior normalización posible.
- Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e da acción titorial con fins preventivos, compensadora e de desenvolvemento persoal.

7.3.3. Obxectivos referidos ao profesorado:

- Establecer canles e pautas de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen coas alumnas e cos alumnos con NEAE.
- Coordinar a actuación dos mestres titores ou das mestras titoras, a mestras de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica e mestres

de apoio co orientador, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.

- Colaborar no proceso de avaliación educativa, formativa e continua de cada grupo de alumnos, así como informar ás súas familias.
- Colaborar co profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Fomentar a formación do profesorado a través do PFPP do centro, na liña de atención a diversidade: TEA.
- Apoiar na actuación do profesorado, asesorando e proporcionando información sobre recursos, medios, materiais e estratexias metodolóxicas, que poidan favorecer a súa labor docente.

7.3,4 Obxectivos referidos ás familias:

- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa das súas fillas e dos seus fillos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades específicas.
- Levar a cabo accións de sensibilización da comunidade educativa en relación ao alumnado con NEAE, especialmente aqueles con TEA.

7.4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Os diversos obxectivos sinalados no apartado anterior dan lugar a tres grandes bloques de actuación ou acción prioritarias, todas elas, relacionadas entre si. Consideramos que a acción tutorial é o eixo sobre o que xira o modelo de orientación no noso sistema educativo. Sinalamos a continuación os tres grandes bloques:

- Actuacións que teñen como eixe nuclear o Plan de Acción Tutorial (PAT).

- Actuacións que teñen como obxecto a “Atención á diversidade” (Plan Xeral de Atención á diversidade).
- Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos (Plan de Convivencia).

7.5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As accións prioritarias sinaladas no apartado anterior concréntanse nas seguintes estratexias de intervención e traballo para o curso 2019/2020 do seguinte modo:

7.5.1 Plan de Acción Titorial

- a) Programa de acollida e período de adaptación.
- b) Programa de estimulación da linguaxe oral (P.E.L.O.).
- c) Programa de detección temperá de posibles dificultades.
 - Protocolo de actuación para o ANAE por parte do orientador.
 - Programa de avaliación de desenvolvemento madurativo en alumnas e alumnos de 6º nivel de Educación Infantil.
- d) Programa para a transición das alumnas e dos alumnos de 6º curso de Educación Infantil ao CEP Altamira.

7.5.2. Plan Xeral de Atención á Diversidade

Protocolo de actuación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

1. Avaliación de necesidades. Para xestionar as demandas de avaliación por parte do orientador, o/a titor/a interesado/a debe cumprimentar unha ficha (segundo o modelo “Solicitude de avaliación orientadora”), e entregala á xefa de estudos.
2. A xefa de estudos rexistrará, polo procedemento que estime axeitado, as solicitudes e as remitirá ao orientador.
3. O orientador realizará unha síntese valorativa e comunicará as conclusións e orientacións pertinentes ao/á titor/a. De ser necesario unha intervención específica, o orientador comunicará á xefa de estudos

as decisións adoptadas e ámbalas dúas organizarán o horario de atención específica.

4. No caso de que a alumna ou o alumno, reciba apoio ou reforzo educativo, a familia será informada e deberá cumprimentar a correspondente autorización (segundo modelo “Comunicación á familia”).
5. Os profesionais implicados no programa de intervención específico, coordinaranse na súa actuación establecéndose o calendario de reunións (como mínimo unha vez cada trimestre).
6. Os mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, avaliarán o grao de consecución dos obxectivos previstos para o alumnado con NEAE, e comunicarán, mediante informe (segundo modelo) os resultados ao titor ou á titora e ao orientador.

7.5.3. Plan de Convivencia

No CRA pensamos que o clima ou ambiente que caracteriza ao centro e a cada aula concreta, afecta directamente á convivencia e inflúe de cheo nas persoas e nos procesos de ensino-aprendizaxe. De aí a necesidade de traballar na consecución dun clima positivo, agradable, distendido e tranquilo, que favoreza as relación humanas e o desenvolvemento óptimo das tarefas educativas.

O Departamento de Orientación colaborará na dinamización da convivencia, para conseguir os obxectivos propostos no Plan de Convivencia do centro.

7.6. RECURSOS

Para levar a cabo este Plan de Orientación, non podemos esquecer a organización de recursos, tanto humanos como materiais, xa que posibilitarán o logro dos obxectivos propostos.

Ademais de tódolos recursos internos cos que conta o centro, contaremos tamén cos seguintes recursos externos:

7.6.1. Recursos humanos externos:

1. Especialistas do Equipo de Orientación Específico (EOE) da provincia de Pontevedra.

2. Inspector Educativo de zona.
3. Equipos de Atención Temprá: dependentes do SERGAS.
4. Centros de Formación e Recursos.
5. Servizos do Concello: servizos sociais, servizo psicopedagóxico e de apoio ...
6. Gabinetes privados de Logopedia, centros de estimulación infantil, centros de aprendizaxe e reeducación pedagóxica ...
7. Orientador/a do CEP Altamira e Orientador/a do IES Pedras Rubias.

7.6.2. Recursos materiais:

Como **recursos xerais** dispoñemos de aqueles relacionados co espazo físico e mobiliario. *Material non funxible* como: fotocopiadora, encerado dixital, canon, cámara, fotocopiadora, tv, ordenadores. *Material funxible* como: folios, material escolar e de oficina ...

Como **material específico** o Departamento de Orientación dispón de: escalas, enquisas e protocolos de recollida de información e valoración, probas e test estandarizados de avaliación, manuais, programas, guías, libros de consulta e material de reforzo e apoio.

7.7. METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados no mesmo. O desenvolvemento das actividades, se fundamentan no traballo cooperativo e planificado, levado a cabo a través de entrevistas persoais e/ou contactos telefónicos.

Reunións colectivas:

- Cos membros do Departamento de Orientación.
- Co equipo directivo.
- Nos claustros de profesores.
- No Consello Escolar.
- Nas xuntas de avaliación trimestrais.
- Cos mestres implicado na atención do ANEAE.

- Na dinamización da Convivencia.

Reunións individuais:

- Entrevistas cos titores, mestres especialistas e mestres de apoio.
- Entrevistas coas familias.
- Entrevistas cos profesionais externos ao centro.

7.8. TEMPORALIZACIÓN

A continuación detállase unha temporalización das actuacións e tarefas previstas, por parte do Departamento de Orientación do centro, para o curso académico actual 2019/2020.

ACTUACIÓNS	AXENTES DE REALIZACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Recollida de datos iniciais. Avaliación inicial.	Mestres/Orientador.	1º trimestre
Continuar na colaboración coa Dinamización da Convivencia	Orientador.	1º,2º e 3º trimestre
Colaborar no Plan de Acollida: alumnado de novo ingreso, de incorporación tardía e estranxeiro.	Departamento de Orientación.	1º,2º e 3º trimestre
Colaborar na elaboración e actualización de documentos de centro (PE, programación, informes....)	Departamento de Orientación.	1º, 2º e 3º trimestre
Claustros.	Todos os docentes.	1º, 2º e 3º trimestre
Reunións co equipo directivo.	Equipo directivo/Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Reunións do Departamento de Orientación	Departamento de Orientación.	1º, 2º e 3º trimestre
Organización e revisión dos apoios ao alumnado con NEAE. Elaboración de horarios das mestras de PT e AL.	Titores, especialistas, Orientador e coidadora, se é o caso.	1º, 2º e 3º trimestre
Avaliacións psicopedagóxicas e	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre

elaboracións de informes psicopedagóxicos: programas de intervención para o ANEAE e orientacións para mestres e familias.		
Apoio ao alumnado con NEAE.	Mestras de AL e PT, titores, mestres de apoio, Orientador e coidadora, se é o caso.	1º, 2º e 3º trimestre
Reunións co Orientador/a do CEP Altamira e IES Pedras Rubias	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Entrevistas cos profesionais externos (EOE, servizos dos concello, gabinetes ...)	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Entrevistas coas familias.	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Avaliación do Plan de Orientación.	Departamento de Orientación.	3º trimestre
Elaboración da Memoria.	Departamento de Orientación.	3º trimestre

7.9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar o Plan de Orientación, faremos unha avaliación continua e formativa ao longo do curso, nas reunións previstas do Departamento de Orientación, así como nas reunións establecidas no calendario. Nestas reunións, se fose preciso, adoptaranse medidas para mellorar e adecuar o plan á realidade da comunidade educativa.

Ao remate do curso escolar, e coincidindo co final do terceiro trimestre, farase unha avaliación final que permita determinar se foron acadados os obxectivos propostos e se a temporalización das actividades e tarefas planificadas foi axeitada.

Dos datos obtidos, extraeranse as conclusións para elaborar a Memoria final de Orientación. Esta información, así como as propostas de mellora, recolleranse na Memoria final e servirán como punto de partida para a elaboración do Plan de Orientación do curso seguinte.

ACTUACIÓN DA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE

1.CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA Raíña Aragonta está formado por un centro base con nove unidades e sete aulas máis nas parroquias próximas que funcionan como unitarias (Fontán, Budiño, Entenza, Barreiro, San Xurxo, Picoña e Soutelo), sumando un total de 263 alumnos/as. Entre eles existen diversas necesidades educativas entre os que podemos atopar alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociadas a Trastorno de espectro Autista (TEA), problemas de conduta, ou con necesidades asociadas a historia escolar e/ou condicións persoais.

2.OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos son xerais, e veranse concretados nas programacións individuais de cada alumno/a:

- Desenvolver os valores, habilidades e coñecementos ao máximo en cada alumno, sempre baixo un clima de integración, respecto e compromiso.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos mestres que interveñen co ACNEAE, promovendo entre eles a formación en temas de atención á diversidade.
- Dar coherencia ás accións e documentos do centro en relación co ACNEAE.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro coa finalidade de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e especialmente a aquel que presenta NEAE.
- Propiciar a coordinación do centro con organismos e institucións externas.

3.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Detectar as necesidades dos alumnos do centro e proporcionar atención integral directa.
- Amosarlle ao alumnado uns obxectivos e contidos de aprendizaxe funcionais e coherentes coas necesidades que presenta.
- Desenvolver as habilidades e capacidades básicas instrumentais, cognitivas, comunicativo-lingüísticas, psicomotrices, de autonomía, de autoestima e de habilidades sociais.
- Contribuír a integración no grupo e no centro do ACNEAE.

4.AVALIACIÓN

A avaliación é o instrumento que nos permitirá comprobar o nivel de logro das metas educativas que nos propuxemos alcanzar.

Realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de detectar as necesidades educativas particulares de cada caso, sobre as que se baseará a miña intervención. Nesta avaliación observaranse aspectos da comunicación e da linguaxe tales coma: respiración e sopro, praxias BLF, audición, articulación, sintaxe, semántica e pragmática.

Así mesmo, no proceso de intervención, o alumno será avaliado en diferentes momentos, para que a programación, sempre susceptible de modificación, corresponda en todo momento ás necesidades do neno.

Ao finalizar o curso, quedará rexistrada unha avaliación final do alumno e dos seus progresos, coas correspondentes recomendacións de cara ao seguinte curso.

4.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecen o tipo e grao de consecución e alcance dos obxectivos que nos marcamos na aula de AL.

Avaliaremos, entre outros, os seguintes ítems:

- Desenvolvéronse os mecanismos básicos da linguaxe: audición, voz e articulación.
- Desenvolvéronse as dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.

- Favorecese o desenvolvemento da comprensión e produción lingüística.
- Realizouse unha avaliación inicial do alumnado que acude á aula de AL.
- Atendeuse de xeito personalizado a cada alumnos/as en función das súas necesidades educativas.
- Fomentouse nos alumnoa/as unha actitude positiva cara á linguaxe.
- Establecéronse correctos patróns respiratorios.
- Controlouse a forza e a dirección do sopro.

5.METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregarei será lúdica e interactiva, partindo dos centros de interese do alumnado para fomentar unha aprendizaxe significativa. Comezarase con actividades curtas e variadas, tendo sempre en conta a súa zona de desenvolvemento próximo, establecendo os seus coñecementos previos como punto de partida.

Procurarase en todo momento favorecer o razoamento individual e grupal do que se vai realizar e o por que das diferentes actividades, xerando actitudes e hábitos ante o traballo (contribuíndo ao fomento de valores no alumnado).

Para lograr este obxectivo, desenvolverase unha metodoloxía de traballo funcional, globalizada, activa e lúdica, empregando diferentes técnicas en función da especificidade de cada dificultade.

En tanto as actividades, buscaremos que sexan sempre un reto abordable para o alumno, é dicir, que non sexan nin demasiado sinxelas, para que o compoñente atencional non diminúa, nin demasiado complexas para fomentar a súa autoestima.

A organización espacial da aula de AL establecerase por recunchos de aprendizaxe (de xogo, de espello, zona de traballo, zona de relaxación, zona TIC, etc.). Estes recunchos son espazos delimitados que se atopan dentro da aula e onde se desenvolven tódalas actividades e se establecen interaccións, facilitando a aprendizaxe do alumnado.

O fin último será procurar unha aprendizaxe sen erros, favorecendo a autoconfianza e mellorando o autoconcepto e a autoestima do alumnado.

ACTUACIÓN DA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1.CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA Raíña Aragonta está formado por un centro base con nove unidades e sete aulas máis nas parroquias próximas que funcionan como unitarias (Fontán, Budiño, Entenza, Barreiro, San Xurxo, Picoña e Soutelo), sumando un total de 262 alumnos. Entre eles existen diversas necesidades educativas entre os que podemos atopar alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociadas a Trastorno de espectro Autista (TEA), problemas de conduta, ou con necesidades asociadas a historia escolar e/ou condicións persoais.

2.OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos son xerais, e veranse concretados nas programacións individuais de cada alumno:

- Dinamizar o proceso de integración dos alumnos/as con necesidades específicas.
- Colaborar na elaboración de plans de traballo individualizados para ditos alumnos/as.
- Observar e avaliar os progresos dos nenos/as.
- Coordinarse cos titores, especialistas e apoios para levar a cabo un plan conxunto e coherente de atención ás necesidades.
- Favorecer unha boa coordinación e transmisión de información coas familias.

3.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Integrar aos alumnos/as na dinámica escolar da aula e do centro.
- Desenvolver a autonomía persoal.
- Fomentar as habilidades de comunicación mediante calquera tipo de sistema de comunicación (oral, imaxes, signos)

- Traballo da psicomotricidade fina e grosa.
- Desenvolver as bases das destrezas instrumentais (coordinación óculo-manual, atención, esquema corporal, lateralidade, memoria visual e auditiva)
- Iniciación ao cálculo matemático e a lecto-escritura

4.AVALIACIÓN

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial de cada alumno/a baseada na observación directa, na información aportada pola familia na entrevista inicial e nos informes de cursos anteriores. Dita avaliación servirá como punto de partida no proceso de apoio.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos propostos. Servirá para adecuar a axuda pedagóxica e terá un carácter personalizado.

Trimestralmente informarase nas sesións de avaliación dos progresos dos alumnos/as.

Ao final do curso realizarase un informe explicativo das aprendizaxes traballadas ao longo do ano, e do grao de adquisición das mesmas por parte do alumno/a.

4.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecen o tipo e grao de consecución e alcance dos obxectivos que nos marcamos na aula de A.L.

Avaliaremos, entre outros, os seguintes items:

- ✓ Favoreceuse a integración do alumnado na súa aula e na dinámica do centro.
- ✓ Desenvolvéronse as bases das destrezas instrumentais.
- ✓ Favoreceuse o desenvolvemento da atención e da memoria.
- ✓ Atendeuse de xeito personalizado a cada alumn@ en función das súas necesidades educativas.
- ✓ Fomentouse nos alumn@s unha actitude positiva cara á aprendizaxe.

5.METODOLOXÍA

Levarase a cabo unha metodoloxía baseada na motivación e participación do alumno/a, nos seus intereses e nos principios de xogo e actividade.

Tenderase a adquisición de aprendizaxes significativas, construtivas e a xeneralización das mesmas a outros ámbitos fóra do escolar.

As actividades primeiramente serán dirixidas polo mestre ata acadar o éxito para paulatinamente retirar a axuda e que os alumnos/as as realicen sos.

Reforzase os éxitos dos alumnos/as por pequenos que sexan con loanzas, xestos de cariño, aplausos.

Usaranse diversos tipos de agrupamento, dependendo da actividade que se vaia a realizar, facendo traballo individualizado, por parellas, en pequeno grupo ou levando a cabo actividades con todo o grupo aula.

8. PLANO DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

CONSELLO ESCOLAR:

O Consello Escolar reunirase unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou 1/3 polo menos dos seus integrantes.

CLAUSTRO:

Está previsto que o Claustro trate os criterios pedagóxicos e as iniciativas necesarias para mellorar calquera dos aspectos nos que se faga necesario intervir. Así como a valoración do rendemento Escolar do Centro.

O Claustro reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros.

EQUIPO DIRECTIVO:

O Equipo Directivo do presente curso escolar propónse como metas os seguintes **obxectivos**:

- Organizar o funcionamento do Centro.
- Impulsar a participación do profesorado na labor educativa do Centro.
- Potenciar as relacións do Centro coas institucións do seu entorno:
 - ✓ educativas: outros colexios do concello, outros CRA da provincia e do resto de Galicia, con reunións periódicas coa Asociación AMCRAGA, coa Administración Educativa, coas escolas de educación infantil do primeiro ciclo do concello.
 - ✓ non educativas: Concello, Asociacións Culturais, Asociacións de xubilados...
- Impulsar a posta en práctica de actividades innovadoras dentro do ámbito educativo.
- Reorganizar os Equipos de Coordinación Docente.
- Facilitar a coordinación cos Servizos educativos da zona.
- Tentar de mellorar as deficiencias das instalacións.
- Promover iniciativas no ámbito da Experimentación e da Innovación Pedagóxica.
- Organizar as tarefas administrativas
- Promover e fomentar melloras na convivencia dentro de toda a comunidade educativa.
- Fomentar e sensibilizar ao profesorado en actuacións relacionadas co alumnado NEAE, especialmente alumnado diagnosticado como TEA.
- Iniciar o acondicionamento dunha dependencia do edificio de esfarrapada como aula multisensorial, para uso e disfrute do alumnado.
- Promover a participación do centro en convocatorias de proxectos e premios de innovación educativa (Plan Proxecta, PLAMBE).
- Favorecer a colaboración de todo o profesorado para facer efectivo os obxectivos establecidos no programa de plurinfantil.

9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS E COLEXIADOS E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A- Órganos de Goberno Unipersoais.

- A directora reunirase co xefe de estudos os martes de 9:15 a 10:15 horas e os xoves de 10:15 a 11:15 horas.
- A directora reunirase coa secretaria os luns de 11:15 a 12:15 horas e os xoves de 13:15 a 14:15 horas
- Ademais este equipo traballará conxuntamente os martes pola tarde nas horas complementarias fixas sempre que o resto das reunións programadas non o impidan, e/ou sexa necesario.

B- Consello Escolar.

O Consello Escolar reunirase unha vez por trimestre e sempre que o solicite o seu presidente ou a lo menos un tercio dos seus membros. Na maior parte das ocasións o día establecido para as reunións serán é os martes a partir das 17 horas, salvo excepcións nas que se faga necesario convocar aos seus membros noutro día ou noutro horario.

C- Claustro de Profesores.

O Claustro reunirase a lo menos unha vez por trimestre e sempre que sexa necesario.

D- Equipos de Coordinación Docente:

Os diferentes equipos do centro: Equipo de ciclo, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias, Dinamización de TICs,

Dinamización de Convivencia, Dinamización de biblioteca reuniranse sempre que sexa necesario na sede do CRA a partir das 17:00 horas.

Os coordinadores de equipos e dinamizacións xunto coa coordinadora de ciclo reuniranse como mínimo unha vez ao trimestre.

10. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

10.1 INTRODUCCIÓN:

O equipo de normalización e dinamización lingüística vai estar formado ao longo deste curso polos seguintes membros, tal e como se estableceu no claustro celebrado no centro o día 4 de Setembro:

- Álvarez Pérez, Silvia.
- Caballero Cid, Nila Isabel.
- Domínguez González, Noelia (coordinadora)
- Fernández González Lorena.
- Ferro Rodríguez Laura.

Este equipo vai ter en conta o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística e no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüísimo no ensino non universitario.

10.2 OBXETIVOS:

- Usar a lingua galega dun xeito natural.
- Facer un uso normalizado do galego no centro e en xeral con toda a comunidade educativa.
- Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa comunidade.
- Fomentar o intercambio de experiencias e coñecementos na lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Informar á comunidade educativa das novidades legislativas, campañas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.

- Promover e celebrar as festas tradicionais populares de Galicia en colaboración cos demais equipos constituídos no centro.
- Recuperar, empregar e difundir a cultura oral da comarca: refráns, ditos populares, poesías, cantigas...
- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes textos: poemas, narracións, contos, revistas...
- Coñecer ao autor/a homenaxeado o día das letras galegas e a súa obra.
- Adquirir novidades editoriais en lingua galega.

10.3 ACTIVIDADES:

Coa proposta das seguintes actividades pretendemos acadar os obxectivos que previamente establecemos así como contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas sinaladas no decreto curricular, salientando entre todas elas a competencia lingüística e a competencia cultural e artística.

- Actividades para o primeiro trimestre:
 - ✓ O samaín.
- Actividades para o segundo trimestre:
 - ✓ O entroido.
- Actividades para o terceiro trimestre:
 - ✓ Os maios.
 - ✓ As letras galegas.
 - ✓ Elaboración da revista Badaladas.

O xeito no cal se leven a cabo as diferentes actividades iremos establecendo en base as diferentes reunións que teremos ao longo do curso os membros do equipo e tendo en conta tamén as diferentes reunións que terá a coordinadora cos demais coordinadores de equipos.

Ademais destas realizaranse outras que xurdan no momento, ben sexa froito do interese dos nenos, de acontecementos do entorno ou propostas por calquera dos membros da comunidade educativa.

10.4 TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación establécese para o curso escolar 2019/2020

10.5 METODOLOXÍA:

O alumnado do centro pertence a etapa de educación infantil. Unha etapa na cal é especialmente importante o xogo, polo cal proporemos sempre as actividades dun xeito lúdico para que así sexan o máis motivadoras e significativas posible. Tamén trataremos de dar resposta as súas inquedanzas e aos seus intereses.

10.6 RECURSOS:

Para un axeitado desenvolvemento contaremos con todos os recursos dos que dispón o centro como material funxible e/ou material tecnolóxico. Tamén solicitaremos á administración educativa axuda económica que destina todos os anos aos equipos de normalización lingüística para a realización de diferentes proxectos.

10.7 AVALIACIÓN:

A avaliación das propostas realizadas realizarase de xeito continuado co fin de poder introducir melloras si fora preciso.

11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PLAN ESPECÍFICO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA ANPA

A Asociación “As Landras” de Nais e Pais de alumnas e alumnos do C.R.A. Raíña Aragonta, xestionou a contratación, a través da empresa ACTIVALEDE S.L., KITH ENGLISH, MERCEDES PRIETO, e a empresa CLAREXA, que levaran a cabo actividades fora do horario lectivo que complementarán a formación dos nenos e nenas cunha mestura de actividades físicas, de psicomotricidade e intelectuais, tendo sempre en conta as idades dos alumnos (de 3, 4 e 5 anos).

Feitas as inscricións dos alumnos nas actividades extraescolares que se ofertaban saíron elixidas: Bailes do mundo, ximnasia rítmica, taekwondo, multideporte, cociña, manualidades e inglés

O prezo para cada unha delas é:

Bailes do mundo: 20€ socios, 25€ non socios, 18€ prezo irmáns.

Inglés: 25€ socios, 30€ non socios, 23€ irmáns.

Cociña: 18€ socios, 25€ non socios.

Ximnasia rítmica, multideporte, taekwondo, manualidades: 14€sócios, 20€ non socios, 13€ irmáns.

Para eses días nos que haxa actividade extraescolar haberá no centro un docente de garda.

A continuación falaremos polo miúdo de cada unha delas.

● **BAILES DO MUNDO**

Danzas creativas e danzas tradicionais de diferentes países para a infancia. Descubrir o corpo e o su movemento, a orientación espacial, o equilibrio, traballar o sentido rítmico e musical, desenvolver a atención e a concentración, promover a creatividade, favorecer a cooperación e a socialización.

DÍA: Luns

HORA: 16:30- 18:00 horas.

● **MULTIDEPORTE**

Actividade multidisciplinar que a través do xogo non competitivo e tamén con deportes en xeral, adaptados a súa idade, sen especializalos nun concreto, pretende que adquiran hábitos saudables, aceptación do propio corpo, socialización e convivencia, facendo especial referencia na psicomotricidade e adquisición de habilidades motrices.

DÍA: Mércores

HORA: 16:30- 18:00 horas

● **IDIOMA INGLÉS**

Actividade que pretende que medre o interese e o coñecemento das nenas e nenos por esta lingua a través de xogos, cancións e actividades estimulantes coa finalidade de que adquiran maior destreza para a súa aprendizaxe. Mediante clases interactivas e baseadas na comunicación oral e a expresión corporal, os nenos e nenas afianzarán os coñecementos escolares e reforzarán a súa confianza para comunicarse nesta lingua.

DÍA: Miércoles, jueves

HORA: 16:30- 18:00 horas.

● **TAEKWONDO**

Actividade que pretende a introdución dos máis pequenos ás técnicas básicas dunha arte marcial milenaria. Mediante tarefas psicomotrices os nenos e nenas poderán adquirir fundamentos para mellorar a concentración e fomentar a disciplina de traballo e esforzo.

DÍA: Xoves

HORA: 16:30- 18:00 horas.

● **XIMNASIA RÍTMICA**

Actividade que introduce ós nosos pequenos na práctica dun deporte que lles axudará a coñecer mellor o seu corpo así como a unha mellor coordinación e sentido do ritmo.

DÍA: Martes

HORA: 16:30 – 18:00 horas

● **COCIÑA:**

Día; Xoves

Horario: 16.30-18:00

PLAN ESPECÍFICO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS

POLA ANPA

As actividades complementarias son as que se realizan dentro do horario lectivo e que se caracterizan por utilizar tempos, espazos e materiais distintos aos habituais.

Para este curso 2019/2020 a ANPA “As Landras” propón a realización das seguintes actividades complementarias:

● **VISITAS:**

OS ELFOS DE PAPA NOEL

Coincidindo coa chegada das vacacións de Nadal, este ano queremos que os Elfos visiten o noso Centro, polo que nos disfrazaremos para pasar un anaco cos nenos e nenas na Sede, recollendo as cartas dos pequenos e repartindo algunha chuche.

DÍA: Últimos días de clase do mes de **Decembro**.

LUGAR: Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

O MAGO FRAN

Espectáculo formado por diversos xogos que poden ser disfrutados por pequenos de calquer idade, e no que se misturan maxia, ilusión, risas e moitas sorpresas

DÍA: as datas fixaranse dacordo co centro (posiblemente 2ª quincena de febreiro)

LUGAR: Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta

PROTECTORA DE ANIMAIS

DÍA: as datas fixaranse dacordo co centro (posiblemente 2ª quincena de marzo)

LUGAR: Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

TEATRO NAS AULAS

Esta actividade xurde co propósito de que os pais e nais participen e se involucren na escola, amosándolles ós nosos fillos a importancia da participación na comunidade en xeral, ao mesmo tempo que ensinamos os nenos algúns valores como pode ser responsabilidade, respecto, xenerosidade, etc.

Buscaremos pais e nais voluntarias de cada aula e trataremos o mesmo tema en todas elas.

O tema a tratar aínda está por determinar.

DÍA: Segunda quincena de abril, pendente de determinar días dependendo da dispoñibilidade do Centro e dos participantes na actividade.

LUGAR: Aulas da sede do C.R.A. Raíña Aragonta e das distintas parroquias.

● SAÍDAS

CONCERTO

Seguindo coa intención de mergullar ós nosos rapaces e rapazas na música e cultura galega organizaremos un concerto cun grupo da comarca, será un concerto dinámico e participativo do que os pequenos desfrutarán sen nengunha dúbida.

LUGAR: Sede do CRA

●OUTRAS ACTIVIDADES

CONCURSO DE DEBUXO

A nosa idea é facer un concurso de debuxo para os nenos e nenas, aproveitando temáticas cercanas ós nosos pequenos, para que amosen a súa creatividade e a súa particular visión do mundo a través dos trazos e das cores. Desenvolveran o debuxo na aula, coa colaboración dos/as mestres. Despois estes serán expostos na sala da biblioteca municipal durante uns días, donde os pais/nais poderán votar os debuxos que mais gosten por cada idade. Serán publicados os debuxos gañadores na páxina de facebook da Anpa. Este ano tentaremos agasallar ós gañadores cun pequeno detalle.

DATA: no mes de **Abril ou Maio**.

CONCURSO NAVIDEÑO

Este ano preténdese realizar un concurso no que, baseándose nos materiais reciclables, farase unha árbore de nadal.

O concurso realizarase por aulas, e será premiada unha delas por votación a través do Facebook.

CHARLA RECICLAXE

Charla para nenos e nenas co obxectivo de mellorar a súa visión do coidado do planeta.

TALLER LIMPEZA RÍOS E PARQUES

Taller que ten coma obxectivo a sensibilización dos nenos e nenas nos temas ambientais

Ademais das actividades extraescolares e complementarias xa comentadas anteriormente, a Anpa As Landras ten previsto a realización doutras actividades fora do horario lectivo.

●TALLERES PARA OS NENOS/AS

COCIÑA: ROSCÓN DE PASCUA

Taller que se realizará nas vacacións de semana Santa, para que os nenos e nenas fagan os seus propios roscóns de Pascua e os poidan levar para a casa.

XINCANA OVOS DE PASCUA, PINTA CARAS, PINTADO DE OVOS

●TALLERES PARA PAIS/NAIS E FILLOS/AS

IOGA

Pretendemos con este taller, amosar técnicas coas que os nenos poidan mellorar a saúde física, mental e emocional. O ioga aporta grandes beneficios para a saúde, estes beneficios pódense empezar a traballar desde cativos.

O taller desenvolveríase na sede do CRA previa organización coa dirección.

ZUMBA

Neste taller pretendemos aportar un espazo de diversión acompañada de exercicio físico no que a música e ritmo serán os protagonistas

O taller desenvolveríase na sede do CRA previa organización coa dirección.

BAILE GALEGO

Queremos achegar as familias a rica cultura musical da nosa terra, e para isto nada mellor que uns talleres de baile galego nos que á música tradicional galega e ás danzas coas que sempre foi acompañada terán o seu espazo dentro das nosas actividades .

O taller desenvolveríase na sede do CRA previa organización coa dirección.

CHARLAS PARA PAIS

Este ano queremos desenvolver diferentes charlas de interese para os pais/nais.

Aínda estamos a valorar qué tipo de charlas, e que sexan abertas para todos os interesados.

DÍA: pendente concretar data.

LUGAR: Nas instalacións do CRA cando sexa posible previa solicitude, ou fora delas cando non sexa posible.

● OUTRAS ACTIVIDADES

FESTIVAL SOLIDARIO

A Anpa e a empresa Activaledge contratada para as actividades extraescolares participarán no festival solidario que cada ano organiza o concello de Salceda coas actuacións dos nenos e nenas que asisten a éstas.

Este ano está previsto para o 2 de decembro no Auditorio Municipal.

Horario pendente de confirmar.

PÁXINA DE FACEBOOK

Este curso seguimos coa páxina de Facebook, onde subimos diferente información de interese para os pais/nais.

RECICLAXE NA AULA E NA CASA

Este curso seguiremos animando a cativos e maiores á reciclaxe, para que esta sexa un hábito nas aulas e nas casas. Coa colaboración dos profesores intentaremos que sexa posible que dende as aulas se recicle. E se animará a todos os país/nais a facer reciclaxe dende as súas casas.

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NAS EXTRAESCOLARES

Organizado pola Anpa e pola empresa contratada para actividades extraescolares, levarase a cabo a finais de maio, unha xornada de portas abertas para que as familias dos nenos que realizan as actividades participen con eles nas mesmas.

EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO (FAMILIAS)

Organizarase unha excursión aberta a todos os membros das familias socias da ANPA, na que pasaremos unha divertida xornada visitando algún lugar de interese para os novos e os non tan novos.

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS POLO CONCELLO

- **Ruta pola Senda do Río Landres:** Trátase dunha pequena saída á senda, cunha lonxitude de 839 metros máis 1 km para chegar ao centro. Poden ver funcionar un muíño no final da senda, almorzar no parque Gándara...
- **Ruta pola Senda do río Caselas:** conta cunha lonxitude total de 1,650 metros, que se pode reducir a 811 metros, máis 1,5 km para chegar dende o centro. O percorrido é totalmente accesible. Conta con dúas áreas recreativas, unha ós 600 metros aproximadamente, e outra ó final da senda.
- **Casa da Música:** audición de instrumentos.
- **Casa da cultura e biblioteca:** faise un percorrido pola instalacións, entrégaselle aos nenos/as os carnés de socios e se organiza algún contacontos ou similar.
- **Visita da Policía Local:** nesta visita os policías dan a coñecer o traballo que realizan, ensínanlle aos nenos/as os vehículos cos que traballan...

- **Visita ao Concello:** visita ao salón de plenos onde se organiza un pleno infantil e se lles explica a función de cada quen.
- **Visita aos composteiros do Parque Aragonta:** Compostaxe: nesta visita explícaselles aos nenos en que consiste a compostaxe.

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO CENTRO

Sen prexuízo da realización doutras actividades promovidas polo concello, asociación de nais e pais e outras institucións que conforman a comunidade educativa, o equipo docente promoverá o desenvolvemento dunha serie de actividades que, como recolle o artigo 69 do Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, sendo actividades didácticas que se realizan dentro do horario lectivo e que forman parte da programación, teñen unha carácter diferenciado polo momento, o espazo ou os recursos que empregan, estas son, as denominadas actividades complementarias. Por outra banda, prográmase a realización doutras actividades que organizadas polo centro e formando parte da programación xeral anual (aprobada polo consello escolar), se realizan fora do horario lectivo sendo a súa participación voluntaria como se recolle no artigo 70.

Con esta finalidade, un grupo de 3 mestres constitúen o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares coa función de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

O noso centro, caracterizado pola dispersión das súas aulas e acollendo a un grande número de alumnos e alumnas, provoca que a organización destas actividades resulte unha labor complexa (no que a desprazamentos se refire) e custosa. Por este motivo, dende este equipo trataremos de favorecer a realización deste tipo de actividades dende as propias aulas baixo o criterio do ou da propia titora ou titor.

Recóllense, a continuación unha serie de actividades que se desenvolverán ao longo do curso. A súa descrición e organización constitúe un bosquejo xa que están supeditadas a factores como a climatoloxía, a dispoñibilidade do transporte ou ao simple feito de que esta programación ten que ser aprobada.

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES PARA O CURSO ESCOLAR 2019/2020**

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADE: saída ao cine

DATA: decembro 2019

LUGAR DE CELEBRACIÓN: cines Gran Vía de Vigo.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA.

TRANSPORTE: autobús.

DESCRIPCIÓN: realización dunha saída aos cines Gran Vía de Vigo co propósito de ver unha película adaptada á idade e aos intereses do noso alumnado.

SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADE: desfile de entroido

DATA: febreiro de 2020.

LUGAR DE CELEBRACIÓN: rúas de Salceda de Caselas establecidas polo Concello.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA.

TRANSPORTE: privado, as familias realizarán a entrega/recollida do alumnado na sede do CRA.

DESCRIPCIÓN: realización dun pasarrúas que percorrerá ás rúas do concello en coordinación con outros centros escolares. O alumnado irá caracterizado de acordo coa temática “o mar”.

TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADE: visita ao acuario de O Grove e paseo en catamarán

DATA: xuño de 2020.

LUGAR DE CELEBRACIÓN: O Grove.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA.

TRANSPORTE: autobús.

DESCRIPCIÓN: realización dunha visita ao Acuario co propósito de contemplar distintos animais mariños de diferentes ecosistemas próximos (rías galegas) e máis afastados (mares tropicais) e viaxe a bordo dun catamarán pola ría de Arousa.

Se por algún motivo estas actividades propostas non se puidesen desenvolver, contamos con propostas alternativas que permitirán ao alumnado gozar de experiencias que, saíndo do contexto habitual da aula, resultan moi enriquecedoras como: saír a un parque de ocio, teatro, etc.

No comezo de curso solicitaremos á pais, nais ou representantes legais do alumnado a autorización para a realización de saídas do centro escolar. O alumnado que non conte coa mesma debidamente asinada non poderá tomar parte destas actividades. Con todo, previamente á súa realización, informarase debidamente ás familias explicando con detalle o horario, a colaboración que se solicita ás mesmas, as características da actividade, etc.

EXPLORACIÓN DO CONTORNO

Co propósito de aproveitar os recursos do contorno (naturais, culturais e sociais), realizaranse, ao longo do curso, diferentes saídas escolares nas que se solicitará a colaboración e implicación das familias. Xa que estas saídas se adaptan as circunstancias concretas de cada aula (programación, proxectos, recursos, etc.) non quedan rexistradas na presente programación pero contarán sempre coa autorización debidamente asinada polas nais, pais ou titores legais e serán comunicadas á dirección do centro previamente ao seu desenvolvemento.

VISITAS A OUTRAS AULAS E CENTROS

Tendo en conta a dispersión das aulas unitarias que conforman o noso centro e o feito de que o alumnado dos diferentes grupos promocionan ao mesmo centro para desenvolver a etapa de educación primaria, serán varias as visitas que se realizarán ao longo do curso para fomentar a convivencia e o intercambio experiencias.

Ao igual que no caso anterior, estas saídas se comunicarán con anterioridade ás familias e o alumnado non poderá participar das mesmas en ningún caso se non conta coa autorización expresa de pai, nai, titor ou representante legal.

12. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN DO

CENTRO

O plano de autoprotección do centro foi elaborado no curso 2014/2015 pola empresa “Gestores de prevención”, levándose a cabo un simulacro no edificio de Esfarrapada segundo as pautas establecidas pola empresa.

Este curso o centro tratará de levar a cabo o simulacro do centro contando coa colaboración do corpo de bombeiros do Porriño e o Concello de Salceda de Caselas.

13. HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS E NAIS POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO

As horas de dedicación ao cargo do Equipo Directivo do CRA Raíña Aragonta para este curso, son as seguintes:

Directora: Luns de 10:15 a 12:15, martes de 9:15 a 10:15 e de 11:15 a 12:15, mércores de 13:15 a 14:15, xoves de 9:15 a 14:15 e venres de 13:15 a 14:15.

Xefe de Estudos: Martes de 9:15 a 11:15, mércores de 10:15 a 11:15, xoves de 10:15 a 11:15, e venres de 12:15 a 13:15.

Secretaria: Luns de 9:15 a 10:15 e de 11:15 a 14:15 horas e xoves de 13:15 a 14:15 horas.

Dentro deste horario, resérvanse catro horas cada semana á atención aos pais e ás nais na sede administrativa do Centro, repartidas entre os tres cargos, distribuídas da seguinte maneira:

- Secretaría: luns de 9:15 a 10:15 horas e de 13:15 a 14:15 horas.
- Xefatura de Estudos: venres de 12:15 a 13:15 horas.
- Dirección: xoves de 9:15 a 14:15 horas.

Aínda que a dispoñibilidade dos cargos neste horario estará supeditada a

presenza de tódolos docentes no Centro.

14. PLANO DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

RELACIÓNS COA COMUNIDADE.

- Os **COLEXIOS** receptores do alumnado do CRA

O alumnado do CRA RAÍÑA ARAGONTA, cando remata a súa escolarización en Educación Infantil, continúa a súa escolaridade no CEP ALTAMIRA, ambos emprazados no casco urbano do Concello de Salceda de Caselas.

Trataremos de manter algunha xuntanza para o intercambio de información e sobre todo labor de coordinación. Procuraremos continuar coas visitas do alumnado de 5 anos ao centro de primaria, tendo en conta que debemos de levalo a cabo baixo unha estreita coordinación.

- **CONCELLO.**

O Concello colabora con nós de moi distintos xeitos. Por exemplo é o encargado dos arranxos nas instalacións do CRA . Ademais, ocúpase de:

- Suministrar papel e xabón, ademais do gasoil e electricidade.
- Encárgase do acondicionamento dos patios de recreo e de facilitar espazos para actividades conxuntas de todo o alumnado.
- O traslado das alumnas e dos alumnos nalgunhas das actividades Complementarias, saídas, excursións e celebracións conxuntas, tamén é asumido polo Concello.
- Colaborar en diferentes actividades que se promovan desde o concello ou desde o centro.

- **CENTROS CULTURAIS.**

Os Centros Culturais en Salceda de Caselas, corresponden as Asociacións de Comunidades de Montes. No momento actual non están definidas as liñas de colaboración con todos eles, pretendendo o CRA Raíña Aragonta conseguir a súa participación en distintas actividades, dende a cesión de espazos para diversas actividades ou festivais escolares.

Tamén é importante resaltar que unha das aulas do CRA, concretamente a aula de Entenza, está emprazada nas instalacións da Comunidade de Montes desta parroquia, polo que as relacións con esta Asociación tamén irán encamiñadas a adecuación da aula para o servizo escolar que presta na actualidade. Hai que sinalar que dita comunidade de montes, autorizou ao centro, previa solicitude, o uso de espazos como o salón de actos do centro cultural e pavillón, para o uso e disfrute dos nenos e nenas.

RELACIÓN COAS FAMILIAS.

O contacto coas familias haberá que estudalo dende dous puntos de vista:

- Dende as aulas: cada titora mantén relación cos pais e coas nais da súa aula, tanto de forma diaria, como mediante reunións individuais cos pais e coas nais de cada alumna e alumno para conseguir a colaboración familia-escola no desenvolvemento de cada nena e neno, ou colectivas con todos os pais e as nais co obxecto de dar informacións ou tratar temas de interese colectivo. Para isto as titoras teñen un horario de atención a pais/nais, que é de 16 a 17 horas os martes a tarde.
- O Equipo Directivo tamén ten o seu horario de atención a pais e nais de todo o Colexio, detallado no apartado correspondente.
- Ademais ao longo do curso son moitas as ocasións nas que as familias son invitadas a participar na vida do centro tanto de xeito individual como en grupo.
- Promovemos tamén desde o curso 2014-2015 o uso da web dinámica do

centro, onde se trata de achegar ás familias todas aquelas informacións, como actividades que se consideran de interese para elas, ademais utilizarase a páxina web como medio de difusión das programacións anuais de cada unha das diferentes aulas.

- Como novidade durante este curso escolar tamén poderán participar no préstamo de libros que se levará a cabo os martes de 16:00 a 17:00 horas na biblioteca da sede do CRA dende novembro ata maio.

RELACIÓNS COS OUTROS CRA.

O longo do curso, o equipo directivo do CRA Raíña Aragonta e o orientador do centro tratarán de manter contacto cos equipos directivos e orientadores dos outros CRA de Galicia, sobre todo cos da provincia de Pontevedra. Nalgunhas ocasións algún membro deste equipo e o orientador desprazaranse á sede doutros CRA co fin de asistir a xuntanzas para tratar problemáticas comúns a todos eles, así como para compartir experiencias tanto organizativas coma pedagóxico-didácticas, tal e como se fixo nalgún curso anterior, onde membros do equipo directivo mantiveron unha xuntanza cos equipos directivos doutros CRA da comunidade. De cara a este curso escolar, está previsto que se leve a cabo unha xuntanza onde os equipos directivos dos CRA, intercambien diferentes inquiredanzas e suxerencias que axuden a mellorar a nosa labor na xestión dos recursos materiais e humanos cos que contamos, dadas as características específicas deste tipo de centros., tal e como se ven facendo dende hai varios cursos con AMCRAGA.

15. PLANO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Sede Administrativa, situada na rúa Rosalía de Castro 11-A

Principalmente empregarase para desenvolver todo o traballo administrativo, tal como indica o seu nome. Tamén será o punto de reunión e de contacto do profesorado entre si, e así mesmo, un lugar de traballo. Ademais, servirá para

que o Equipo Directivo atenda aos pais e ás nais en cuestións administrativas tales como: matrículas, certificados de escolaridade e demais trámites que precisen facer.

As reunións da ANPA As Landras celébranse habitualmente nalgunha das dependencias da nosa Sede, previa solicitude das instalacións á dirección do centro.

Sala de psicomotricidade

Esta sala será utilizada para desenvolver as actividades extraescolares de bailes do mundo e danzas creativas os luns de 16:30 a 18:00 horas, os martes actividade de ximnasia rítmica, mércores actividade de multideporte e os xoves no mesmo horario para a actividade de taekwondo.

Sala de Audiovisuais

Utilizarase os martes para manualidades de 16:30 a 18:00 horas e os mércores e xoves para a actividade de inglés de 16:30 a 18:00 horas.

16. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Neste curso continua a funcionar o servizo de comedor escolar. Este servizo foi organizado dende a ANPA do CEP Altamira, asociación que contrata á empresa CLAREXA para a súa xestión, sendo usuarios deste servizo algúns alumnos do CRA.

Neste momento son cincuenta e dous cativos de tres, catro e cinco anos que acuden dende o noso centro ao comedor, que está ubicado no recinto do colexio Altamira, sendo conducidos por dúas monitoras/es, e coa autorización previa das familias.

Os nenos e nenas de tres anos son recollidos polos monitores/as no noso centro ás 14:00 horas e os nenos/as de 4 e 5 anos as 14.10 horas, podendo permanecer no comedor ata ás 16:30 horas, onde son recollidos polos seus

familiares ou persoal da empresa correspondente de Actividades Extraescolares.

17. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES

No noso centro apostamos por unha metodoloxía lúdica, na que a experimentación e a aprendizaxe significativa estean sempre presentes. Isto conleva a un aproveitamento de calquera recurso do contorno, sendo os libros de texto un recurso máis pero non o único. Baseámonos nunha ensinanza baseada en Proxectos de traballo, polo que os libros de texto na súa maior parte, non teñen cabida, ou ben serven para complementar aqueles proxectos que se están a levar a cabo. Apostamos por unha metodoloxía innovadora e integradora, ademais de tratar de ir coñecendo e introducindo novas formas de traballo que van xurdindo dentro do ámbito da educación infantil.

Cada docente artella a súa práctica educativa intentando sacar o maior rendemento aos recursos cos que conta o centro. Son varios os docentes do centro os que traballan dende unha perspectiva constructivista, empregando para os distintos proxectos recursos e materiais didácticos variados. Algún docentes optan polo emprego de libros de texto ou cadernos de lóxica-matemática. Os libros solicitados para traballar cos alumnos durante este curso son os seguintes:

- Cadernos de matemáticas (nivel 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8). Editorial SM.- (Entenza)
- Cadernos de matemáticas 1, 2, 3 “Que idea”. Editorial Anaya.- (Budiño)

18. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Durante este curso Escolar contamos coa figura dunha coidadora auxiliar que

adica toda a xornada á atención dunha alumna escolarizada na aula de Budiño. A organización das tarefas que desenvolve levaranse a cabo baixo a supervisión do Orientador do centro, e sempre en coordinación co resto de profesorado.

19.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O noso centro trata de concretar o currículo de Infantil buscando un desenvolvemento integral e armónico da persoa nos distintos planos: Físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo, procurando que as aprendizaxes contribúan e fagan posible ese desenvolvemento.

As aprendizaxes do segundo ciclo preséntanse en tres áreas diferenciadas das que se describen os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

A avaliación ten como fin a identificación das aprendizaxes adquiridas, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado, tendo por tanto un carácter netamente formativo. Dende este plantexamento, os criterios de avaliación concibímolos como unha referencia para orientar a nosa acción educativa.

Neste segundo ciclo da Educación Infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática será a técnica principal do proceso de avaliación, valorando o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno, tomando como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

Cada trimestre recolleremos datos da avaliación dos distintos alumnos/as que se transmitirán ás familias. O Boletín trimestral está composto polo boletín de información ás familias cuberto na aplicación XADE . En reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica estudárase a continuidade de que no último trimestre do curso escolar, dito boletín informativo vaia acompañado por un informe individualizado elaborado polas titoras da aula.

Nesta avaliación, todos os docentes valoraremos, ademais dos procesos de aprendizaxe, a nosa práctica educativa

ANEXOS

PLAN DA DINAMIZACIÓN DAS TICs

PLAN DA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

PLAN DA DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

PLAN DE PLURIINFANTIL

PLAN DE IGUALDADE

PLAN DA DINAMIZACIÓN DAS TICs

INTRODUCCIÓN

A LOE/ LOMCE establece entre as súas competencias básicas a **competencia dixital**, consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, transformándoa en coñecemento. Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro educativo facéndoo extensible ao resto da comunidade educativa.

Este plan xorde como consecuencia da aplicación da LOMCE (anexo V) a cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación.

Por outra banda, o Decreto 330 de Educación Infantil establece que esta etapa debe contribuír a adquisición das competencias básicas recollidas na LOE/ LOMCE entre as que se atopa o tratamento da información e competencia dixital; ao igual que a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 8º que establece as actuacións previstas en canto ao fomento e uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

CONTEXTUALIZACIÓN

A CONTORNA

O Colexio Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias.

O centro atópase no concello de Salceda de Caselas, o cal conta cunha extensión de 36km² e ubicándose na parte meridional da provincia de Pontevedra, e encadrado xeográficamente na bisbarra do Baixo Miño.

Dito concello divídese en varias parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, onde se atopa a sede, e contando ademais con escolas unitarias nas parroquias de: Fontán, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo, Barreiro e Soutelo.

ANÁLISE DO CENTRO

O CRA Raiña Aragonta está composto por 16 aulas de Educación Infantil, das cales 9 aulas están no centro urbano (sede e aulas da Esfarrapada) e as outras 7 atópanse distribuídas polas parroquias (Fontán, Soutelo, Picoña, San Xurxo, Barreiro, Entenza e Budiño). As aulas das parroquias son mixtas, é dicir, contan con alumnado das tres idades (3, 4 e 5 anos).

Póren as 9 aulas que están na sede do CRA non son mixtas, senón que o alumnado se atopa escolarizado segundo a súa idade.

UNIDADES

EDUCACIÓN INFANTIL

<i>AULAS ESFARRAPADA</i>	
<i>4º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>3</i>
<i>5º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>3</i>
<i>6º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>3</i>

<i>AULAS PARROQUIAS</i>	
<i>BARREIRO</i>	<i>1</i>
<i>SAN XURXO</i>	<i>1</i>
<i>PICOÑA</i>	<i>1</i>
<i>SOUTELO</i>	<i>1</i>
<i>BUDIÑO</i>	<i>1</i>
<i>ENTENZA</i>	<i>1</i>
<i>FONTÁN</i>	<i>1</i>

RECURSOS TIC COS QUE CONTA O CENTRO

Respecto os recursos informáticos cos que o centro son:

<i>SEDE</i>	
<i>DIRECCIÓN</i>	<i>1 ordenador de mesa con conexión a internet</i>
<i>XEFATURA DE ESTUDOS</i>	<i>1 ordenador de mesa con conexión a internet</i>
<i>SECRETARÍA</i>	<i>1 ordenador de mesa con conexión a internet</i>

		internet
<i>DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</i>	<i>DE</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet, 1 ordenador portátil e 2 tablets
<i>AULA DE PSICOMOTRICIDADE</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>AULA DE MÚSICA E/OU AUDIOVISUAIS</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>TITORÍAS</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección por aula

<i>AULAS PARROQUIAS</i>		
<i>BARREIRO</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>SAN XURXO</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>PICOÑA</i>		1 PDI, 1 ordenador de mesa e 1 canón de proxección
<i>SOUTELO</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>BUDIÑO</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>ENTENZA</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>FONTÁN</i>		1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección

Todas as aulas contan con conexión a internet a través da wifi instalada pola consellería de educación (edu.xunta.es), onde cada docente accede a través do seu correo corporativo.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC DURANTE O CURSO 2019/ 20

NOELIA GARCÍA MELEIRO

DIEGO FERRO RODRÍGUEZ
DAMIÁN VARELA SÁNCHEZ
DANIEL JARDÓN MACHADO
YASMINA Mª SOUTO TABOADA (coordinadora)

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Actualizar o inventario do material audiovisual e informático e dalo a coñecer ao profesorado.
- Levar un rexistro e control dos materiais TIC do centro, para o seu préstamo ou control de incidencias.
- Realizar unha listaxe de páxinas web coas que se poidan traballar diversos contidos relacionados coa temática escollida para traballar durante o curso (o mar).
- Dotar de ferramentas TIC (ordenadores), a aqueles docentes que non teñan.
- Actualizar segundo sexa conveniente a páxina web do centro.
- Promover o intercambio de comunicación familia- escola a través das TIC.

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente utilizando as novas tecnoloxías.
- Utilizar programas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo e outras actividades que se levan a cabo nas aulas.
- Empregar as TIC recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria.
- Adecuar o uso das diferente TIC á idade e contidos de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Empregar as TIC para os traballos cotiás así como na propia aula, abrindo o espectro de recursos existentes ó alcance do alumnado.
- Aceptar o valor motivador destas tecnoloxías para o alumnado, sobre todo nos ANEAE.
- Cambiar de forma gradual a concepción metodolóxica convencional, de xeito que se permita a inclusión das TIC de xeito eficaz e real.

- Promover o desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, competencia dixital e autonomía e iniciativa persoal, mediante a utilización das TIC.

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Empregar diferentes programas e ferramentas TIC que faciliten e complementen a súa aprendizaxe nas distintas áreas do currículo, favorecendo a adquisición de habilidades e destrezas.
- Superar as limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.
- Potenciar a capacidade de razoamento e motivación por aprender aproveitando ás TIC como recursos altamente motivadores.
- Adquirir unha maior autonomía e independencia no manexo das TIC.

METODOLOXÍA

A metodoloxía basease na motivación e innovación, tendo como eixo principal o alumnado, e seguindo sempre os principios básicos de: individualización, actividade e autonomía. Ademais, apoiase nas competencias básicas; analizando, valorando, seleccionando e organizando a información. O mestre/ a actúa como un mero “guía” e orientador de formación.

O plan será flexible, pois nalgúns momentos haberá cambios significativos, nos obxetivos, nos materiais utilizados, na metodoloxía ou nas estratexias de avaliación, a través das “actividades recopilatorias” que nos sirvan para avaliar o nivel dos obxetivos e contidos propostos; tratando sempre deste xeito, de integrar o traballo dentro das programacións da aula e non só, coma un traballo illado de informática. Integra pois o traballo nun proxecto de colaboración co resto do profesorado. A nivel organizativo conleva modificacións nos horarios, na distribución de espazos, tempos, etc.

ACTIVIDADES

Dende o claustro do centro, decidiuse que a temática central sobre a que ían xirar todas as actividades e programacións de centro, ao longo do curso escolar 2019/ 20 será o mar. Así, dende o equipo TIC propoñemos as seguintes:

- **Creación de letras e animais mariños**

Ao longo do primeiro trimestre, cada aula elixirá un animal mariño ou o seu nome e intentará compoñelo co alumnado da mesma. A continuación, o equipo TIC gravaraos e fará unha montaxe onde se acelera o movemento das representacións para así crear unha película con motivos mariños.

- **Mostra de fotografía**

En colaboración co equipo de convivencia, realizarase unha mostra fotográfica, onde cada aula aportará unha serie de fotografías realizadas polo alumnado para dita mostra, a que máis tarde se convidará ás familias a visitar.

- **Recitado colaborativo dun poema en galego**

En colaboración co equipo de dinamización da Lingua Galega, gravarase o recitado dun poema en galego por parte do alumnado, onde cada aula recitará unha parte do mesmo.

AVALIACIÓN

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan TIC, analizando e realizando actuacións nos diferentes momentos da avaliación.

En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parello un seguimento que nos permita comprobar os avances e a adecuación das actuacións iniciadas, así como apreciar as posibles deficiencias na súa posta en práctica.

A liña de traballo avaliarase nas reunións do grupo das TICS, atendendo as suxestións das diferentes reunións de ciclo ou dos outros equipos, quedando plasmada na Memoria Anual. O resultado destas actuacións permitiranos introducir, durante o curso e en cursos seguintes, modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características da plan e, en definitiva, manter un plan vivo que se adecúe o máis posible á singularidade da

nosa comunidade educativa.

PLAN DA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

XUSTIFICACIÓN

A biblioteca do noso centro reflexa a importancia que ten a lectura para todo o profesorado. Consideramos tamén que grazas a ela se traballan e melloran outros aspectos no alumnado. É compensadora de desigualdades, en canto a que proporciona a nenos e nenas recursos dos que, en ocasións, carecen nas súas casas. É un espazo para practicar a cooperación, posto que alí comparten tempos, traballos e lecturas. E, por último, é un espazo civilizador porque ofrece un ambiente relaxado, de reflexión e aprendizaxe.

Actualmente o Cra Raíña Aragonta conta con sete aulas de parroquias e unha sede con nove aulas. Na sede é onde se ubica a biblioteca central. Asemade, as parroquias contan cunha pequena biblioteca de aula.

No presente curso escolar, o equipo de dinamización de biblioteca estará formado polas seguintes mestras:

- Alonso González, Elvira
- De Andrés Costas, Marta
- Feijoo Ramos, María
- González Gutiérrez, Soraya
- Leirós Pereira, Iris
- Pereira Pereira, Alicia (coordinadora do equipo)
- Rodríguez Da Silva, Sara
- Rodríguez López, María Luz
- Valeiras Rivera, Diana

OBXECTIVOS

Desde o equipo pretendemos que se acaden os seguintes obxectivos:

- Fomentar o interese dos nenos e nenas polos libros e o pracer pola lectura e a escoita dos contos.
- Lograr unha axeitada colaboración co resto de equipos e dinamizacións do centro.
- Facer da biblioteca un espazo no que atopar facilmente recursos bibliográficos cos cales apoiar a labor docente.
- Fomentar a participación das familias nas actividades propostas.

- Continuar coa decoración da biblioteca, co fin de que sexa un espazo atractivo, máxico e motivador para o alumnado.
- Continuar coa catalogación de fondos bibliográficos no programa Meiga.
- Realizar as expurgacións que sexan precisas, eliminando todo o material que conteña estereotipos sexistas. Fomentar a igualdade entre os xéneros e o respecto pola diversidade.
- Empregar as novas tecnoloxías como un recurso para despertar o interese pola lectura.
- Dar resposta ás NEAE que poidan xurdir.

CONTIDOS

- Participación na lectura de contos e dramatizacións.
- Gusto por empregar as tics.
- Interese pola lectura.
- Catalogación e revisións dos fondos bibliográficos existentes.
- Emprego de distintos recursos para fomentar a lectura.

ACTIVIDADES

Algunhas das actuacións que se realizarán para acadar os obxectivos citados anteriormente son as seguintes:

- Continuar coa catalogación de novo material no programa Meiga e actualizar o mesmo, dando de baixa o material extraviado ou estragado.
- Incorporar novo material bibliográfico, tendo en conta os intereses do noso alumnado.
- Recompilar e por a disposición de toda a comunidade educativa recursos relacionados con diversas temáticas e conmemoracións que establece no artigo 8 a Orde de 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/ 20 (samaín, día da infancia, día da paz,...)
- Realización dun proxecto común para todo o centro. Este ano tódalas actividades do centro terán como eixe motivador “o mar”. Para este fin existirá unha estreita coordinación cos demais equipos do centro.
- Presentación da temática do proxecto a través dunha visita de Caselín, a mascota da biblioteca. Deste xeito tamén daremos a coñecer a mascota ao novo alumnado.

- Inauguración da biblioteca do centro. Invitación a tódalas aulas do centro para que acudan á biblioteca, onde participarán na representación dunha canción.

A mascota entregará ao alumnado un carné, o cal lle facilitará o emprego de libros na biblioteca. Asemade, tamén se ofertará a posibilidade de que realicen unha pequena manualidade nas aulas.

Este día, serán as familias as que leven e recollan aos nenos e nenas de parroquias na sede.

Para esta inauguración a biblioteca estará decorada coa temática do mar.

- Invitar ás familias para que poidan gozar do empréstito de libros. Estableceranse as condicións do emprego da biblioteca.
- Publicar na web do centro as novidades da biblioteca e recomendacións de contos. Difundir as actividades realizadas.
- Elaborar un recetario en galego. Cada aula realizará cos nenos e nenas unha receita con produtos do mar e cubrirá a plantilla de dita receita. Con estas plantillas elaborárase un libro.
- Visita de Caselín para informar dos mandadiños do Entroido.
- Realización de adiviñanzas sobre o mar, podendo empregar o escornabot para atopar as solucións.
- Realizar un zoco de libros para conmemorar o día do libro.

HORARIO

A biblioteca do centro estará aberta durante todo o horario lectivo e para facilitar a organización da mesma, existe un cadro horario onde o profesorado se pode anotar para acudir no momento que desexe.

Asemade, os martes de 16:00 a 17:00 horas esta estará aberta para que as familias poidan realizar empréstitos e devolucións de libros.

As gardas neste horario serán levadas a cabo por profesorado do centro, concretamente por especialistas e mestres e mestras de apoio.

Os servizos que se ofrecen son os seguintes:

- Préstamo de libros.
- Lectura na sala.
- Formación de lectores.
- Formación de profesorado.

AVALIACIÓN

Co fin de que a presente programación poida levarse a cabo axeitadamente, realizaremos unha avaliación continua, modificando aqueles aspectos que se considere que sexan necesarios.

Isto será posible porque o equipo de dinamización da biblioteca reunirse constantemente e tratará de coordinarse co resto de equipos e dinamizacións, informando tamén periodicamente a todo o claustro das actividades e ofrecendo a formación necesario para poder empregar a biblioteca.

Asemade, na memoria final quedará recollida calquera modificación levada a cabo e os aspectos a mellorar para o curso seguinte.

PLAN DA DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA

XUSTIFICACIÓN

A elaboración deste plan pode ser un comezo para fortalecer a participación do alumnado, as familias e o profesorado, o que fai imprescindible que a comunidade educativa tome conciencia da responsabilidade que ten para poñer os medios e previr aquelas situacións de conflitos que sexan previsibles. Deste xeito facilitarase un bo clima no centro que propicie que a vida escolar se desenrole dun xeito ordenado e gratificante.

CONTEXTUALICACIÓN

O CRA Raíña Aragonta é un Colexio Rural Agrupado, situado no concello de Salceda de Caselas (Pontevedra). As aulas deste CRA están dispersas xeográficamente polas diferentes parroquias do concello de Salceda.

Neste curso escolar 2019/2020, as aulas coas que contamos son as seguintes: Barreiro, Fontán, Entenza, Budiño, San Xurxo, Picoña, Soutelo e Esfarrapada (3 aulas de 3 anos, 3 aulas de 4 anos e 3 aulas de 5 anos).

Nestas aulas de Esfarrapada é onde está ubicada a sede do CRA RaíñaAragonta.

O feito de que as aulas están dispersas fai que o alumnado non poida ter un contacto diario e en ocasións, resulta difícil agrupar a todos os alumnos/as do centro por motivos de transporte e espazo.

Na actualidade, o clima de convivencia no centro é bo. Non existen conflitos nas relación entre o alumnado e a participación coas familias é cordial, estando o centro aberto a súa participación sempre que o desexen.

Referente ás relacións entre o profesorado, cabe sinalar que debido ás características que posúe un Colexio Rural Agrupado, ás veces é complexa a coordinación e colaboración conxunta, polo que intentaremos levar a cabo tarefas que fomenten e faciliten a comunicación.

PLAN DE ACTUACIÓN

OBXECTIVOS

- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Ter en conta a convivencia e a participación como parte do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Conseguir maior implicación por parte das familias nas tarefas diarias.
- Potenciar as relacións entre todo o alumnado do centro.
- Coordinarnos, na medida do posible, coas demais dinamizacións do centro.

ACTIVIDADES

1º TRIMESTRE

- CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 25 DE NOVIEMBRE. Esta conmemoración quedará a cargo de cada mestre titor celebrala na súa aula.
- CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA INFANCIA 20 DE NOVIEMBRE. Levaremos a cabo a aportación dunha documento gráfico ás aulas relacionando a infancia e a contaminación por plásticos nos mares.
- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS. Lembraremos ás familias do alumnado a posibilidade de participación das mesmas nas aulas, acordando as datas cos titores e titoras.

2º TRIMESTRE

- CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ 30 DE XANEIRO. Levaremos a cabo un baile/ canción/ xogos tradicionais de forma conxunta todo o alumnado. Actividade por concretar.
- CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA 8 DE MARZO. Levaremos a cabo a aportación dun documento gráfico ás aulas poñendo en valor os traballos da muller no mar.

3º TRIMESTRE

- DÍA DA FAMILIA 15 DE MAIO. Invitaremos ás familias a ver a exposición realizada en colaboración coas outras dinamizacións do centro, sendo a data da exposición o 19 de maio. Concretaremos se realizaremos un agasallo ás familias, no caso de realizala, empregaremos material reciclado.

Ao longo do curso propoñeremos a realización dunha decoración conxunta a nivel de centro así como, a renovación das fotos dos casilleiros da sala de mestres e mestras. Ademais, propoñeremos unha actividade a nivel de centro para levar a cabo todo o profesorado chamada “PAZ CO PLANETA” traballando a redución do uso dos plásticos, estar en paz co planeta e as tres ERRES do ecoloxismo (reciclar, reducir e reutilizar).

METODOLOXÍA

Crearemos un clima nas aulas e no centro que favoreza o respecto e a convivencia. Un ambiente no que os alumnos e alumnas se sintan seguros e posibilite as interaccións entre iguais e os membros da comunidade educativa. Educaremos dende valores como a xustiza, o respecto e a solidariedade e desenvolveremos no alumnado as competencias precisas para resolver conflitos e problemas, relacionarse positivamente consigo mesmo e cos demais, tomar decisións e actuar con sentido común e crítico. Fomentaremos o traballo cooperativo así como técnicas e estratexias que favorezan as relación sociais, comunicativas e a empatía entre os alumnos/as.

SEGUIMIENTO DA AVALIACIÓN

O equipo de convivencia escolar, que estará formado por 5 mestres/as, será o encargado de que este plan de leve a cabo e dará resposta a novos conflitos que poidan ir xurdindo no día a día.

Reunirémonos periodicamente, mínimo unha vez ao mes, para valorar a consecución dos obxectivos plantexados, organizar as actividades propostas e realizar posibles modificacións.

PLAN DE PLURINFANTIL

Xustificación

É coñecido por todos que non hai máis fronteiras na Unión Europea que as lingüísticas e que unha vez que se aprende polo menos unha das linguas faladas nos países da UE, estas barreiras redúcense drasticamente. Esta situación leva á necesidade de que os estudantes adquiran máis competencia lingüística no uso da lingua estranxeira ao longo do seu proceso escolar.

O coñecemento de máis dunha lingua enriquece a visión que a persoa ten do mundo e axuda a promover a tolerancia e a comprensión entre os cidadáns de diferentes áreas lingüísticas e culturais.

Os programas lingüísticos non se limitan ao ensino de dúas linguas, senón que implican o uso de ambos como vehículos para o ensino e a aprendizaxe noutras áreas do coñecemento.

O C.R.A. Raíña Aragonta é un centro público que ofrece as etapas da educación distribuídas en sete centros escolares. A sede central, Esfarrapada na que se imparten 4º, 5º e 6º de educación infantil e sete unitarias onde están xuntos os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de educación infantil.

A implantación do programa **Plurinfantil** iniciárase neste curso escolar 2019-20 en psicomotricidade, posto que dispoñemos dun mestre especialista con perfil de inglés, e no noso centro suporía **un incremento dunha sesión á semana** en lingua estranxeira no 4º curso de segundo ciclo de Educación Infantil no caso da sede e dunha hora semanal nas sete unitarias, Soutelo, Budiño, Fontán, Barreiro, Entenza, San Xurxo e Picoña.

O equipo estará integrado polos seguintes compoñentes:

Daniel Jardón Machado (profesor de E.F.)

Noelia García Meleiro (coordinadora)

Obxectivos

Tendo en conta o establecido no **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, na **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do **segundo ciclo de Educación Infantil** así como o establecido no **Decreto 79/2010, de 20 de**

maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, propoñense os seguintes obxectivos:

1. Achegar a lingua inglesa ao alumnado de maneira integrada, a través de todas as áreas do currículo, favorecendo a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outra.
2. Mellorar o dominio efectivo en lingua inglesa e a competencia comunicativa do noso alumnado.
3. Fomentar a pluralidade lingüística no centro para acadar a plena integración dos nosos alumnos nun contexto cultural e económico globalizado..
4. Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e das súas habilidades comunicativas e sociais tendo en conta as intelixencias múltiples de Gardner.

Metodoloxía

A integración da lingua estranxeira inglés farase dende unha perspectiva lúdica e partindo do traballo en grupo. Os nenos e nenas recen chegados ao centro escolar necesitan un tempo de adaptación á súa nova rutina. Dende o primeiro día será importante tratar de empregar o idioma inglés para que relacionen a figura do docente con esa nova lingua. Tamén será fundamental favorecer a comunicación e a comprensión, polo que se dará prioridade a establecer unha comunicación fluída e efectiva. Desenvolveranse actividades de movemento e xogo, procurando a motivación do alumnado e a súa participación espontáneo , así como do uso do encerado dixital que será un elemento motivador de primeiro orde e unha ferramenta máis na aula para animar as actividades.

En todo caso tendo en conta as intelixencia múltiples así como a adaptación ás características, necesidades, intereses e estilo cognitivo do alumnado.

ACTIVIDADES

Danzas e bailes

Representacións e dramatizacións

Celebración de festividades típicas da cultura inglesa (Halloween, thanksgiving, easter, etc.)

Colaboración coas actividades levadas a cabo polas diferentes dinamizacións e calquera actividade que poida xurdir ao longo do presente curso escolar.

Avaliación

Realizarase un seguimento da acción docente e da consecución dos obxectivos propostos para poder realizar as modificacións que se estimen oportunas e recoller propostas de mellora para os cursos seguintes. O proceso de avaliación será continuo.

Valorarase a adecuación dos contidos, da metodoloxía, dos materiais seleccionados con respecto aos obxectivos e a implicación e motivación do alumnado de cada nivel.

Tendo en conta estes criterios será máis fácil mellorar a práctica educativa e acomodar o proceso de ensino ao progreso real na construción de aprendizaxes dos alumnos.

Os medios para realizar a avaliación serán principalmente a observación directa.

As reunións de coordinación serán o fío condutor para continuar durante o curso cunha labor de avaliación continua efectiva.

PLAN DE IGUALDADE



CRA RAÍÑA ARAGONTA

Índice:

1. Introducción.....	79
2. Contextualización normativa e do centro.	80
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.....	84
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:	85
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:.....	88
6. Seguimento e avaliación.	90

1. Introducción.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias. Dita proxecto foi previamente votado e resolto a favor por parte das nais e pais e obtivo o correspondente beneplácito do Concello de Salceda de Caselas.

O nome escollido para o Centro fai referencia a unha raíña chamada Aragonta que tras ser repudiada polo rei Ordoño II funda nestas terras no ano 914 un mosteiro dúplice para permanecer nel o resto dos seus días. Este mosteiro, que seguiu a regra de San Benito, foi chamado Santa María de Salceda, nome que da orixe ao topónimo deste concello.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) “RAIÑA ARAGONTA” atópase no Concello de Salceda de Caselas. A sede do CRA no que están as aulas de “Esfarrapada” están no núcleo urbano do Concello de Salceda e as restantes sete aulas en diversas parroquias do rural do concello.

O centro escolariza fundamentalmente a alumnas e alumnos da zona de influencia. Ao longo do curso o número de matrícula pode variar xa que se trata dun concello con moita mobilidade na súa poboación, pero cos datos do inicio do curso 2019/2020 contamos cun total de 263 nenas e nenos.

O noso CRA é un centro integrador, onde todas as persoas teñen cabida, sinalar que polo tanto tamén temos escolarizados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, sendo estas moi variadas.

No centro impártese en xornada continuada, o segundo ciclo de Educación Infantil, funcionando actualmente 16 unidades de Educación Infantil, distribuídas do seguinte modo:

AULAS DE ESFARRAPADA	
3 AULAS	3 ANOS
3 AULAS	4 ANOS
3 AULAS	5 ANOS
AULA DE BARREIRO	
1 AULA	3,4,5 ANOS

AULA DE A LOMBA-BUDIÑO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE ENTENZA	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE FONTAN	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE PICOÑA	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE SAN XURXO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE SOUTELO	
1 AULA	3,4,5 ANOS

2. Contextualización normativa e do centro.

- Aspectos xeográficos.

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Parte do seu territorio, as zonas norte, oriental e meridional, podémolo adxudicar á comarca do Condado, mentres que a zona occidental forma parte da Louriña.

Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación de aproximadamente 8.300 habitantes. Nos últimos anos está a experimentar un notable incremento.

Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que súa vez constitúe o único grupo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas

parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

A climatoloxía é semellante á da comarca do Condado, caracterizada por uns valores térmicos temperados, precipitacións relativamente frecuentes, névoas e xeadas no inverno. Todo isto inflúe nos cultivos e na súa configuración forestal.

- Aspectos socioeconómicos

Salceda nos últimos tempos experimentou un gran crecemento.

Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento da poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar.

Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, púideno oscilar dunhas familias a outras.

- Aspectos culturais

A multiplicidade de poderes nobiliarios ao longo da historia deste concello foi a que permitiu o asentamento e construción dos notables pazos e casas brasonadas que actualmente converten ao concello de Salceda de Caselas nunha auténtica Terra de Pazos, os cales salpican as distintas parroquias. Cabe destacar o da Picoña por ser un dos máis fermosos de Galiza, así como o de Pegullal, Avalor, Budiño e Corisca.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inqueda pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro.

Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Municipal. De feito, nestes últimos anos a Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos.

O Entroido en Salceda de Caselas posúe un interese tamén moi salientable. As comparsas das distintas parroquias son cada ano máis elaboradas e os desfiles atraen a numerosas persoas de dentro e fóra do concello. Esta festa vívese con moitísima entrega por parte da veciñanza, moitos da cal participa

directamente na elaboración dos disfraces e carrozas. Resulta especialmente interesante o denominado pique, que fai referencia a o encontro das carrozas e comparsas de dous barrios veciños da parroquia de Santa María: Barreiro e A Feira, un dos cales será o gañador.

Por outra banda, a vida cultural das distintas parroquias é moi fluído debido á existencia de centros culturais que facilitan a participación da veciñanza en distintas actividades: teatro, biblioteca, música popular, canto coral, inglés, informática...

Para rematar este apartado, indicar que o centro ten participado en diferentes programas promovidos pola CEUFP. O último programa foi "Donas de Si" incluído dentro do Plan Proxecta 2018-2019 e vinculado estreitamente á figura da muller na sociedade en xeral así coma á prevención, detección e intervención de situación que atentan contra a igualdade efectiva de xénero.

PRINCIPIOS E VALORES.

1. **Transversalidade** e educación en valores “empaparán” o currículo, a organización e xestión do centro, as propostas lectoras e as dinámicas da biblioteca mellorando a cultura institucional mediante a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa o indirectamente, á comunidade educativa e recoñecendo a responsabilidade da comunidade, axentes sociais, como compoñentes indispensábeis da calidade, a equidade e o éxito da calidade educativa do centro. Os valores masculinos e femininos deben ser analizados e, se fose necesario, “recrealos” tomando o mellor de cada xº para crear seres humanos sensibles, respectuosos, corresponsabéis...

2. **Visibilidade**: Este Proxecto incorpora medidas e actuacións concretas que fan fincapé na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da vida do centro, da comunidade social do Concello analizando que modelos representan, que valores transmiten, que modelo social aparece, sendo necesario reflexionar sobre a súa ausencia en ámbitos e sobre a pervivencia de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando as desigualdades e discriminacións que aínda existen.

3. **Inclusión**: A máxima do noso plan vai ser IGUALMENTE DIFERENTES, que resume o sentido do principio de inclusión. Sí á diferenza, pois a diversidade enriquece as relacións, as sociedades, mentres que a desigualdade e a

discriminación, as fai máis pobres e problemáticas. Os papeis tradicionais asignados deben ser corrixidos pero antes deben ser visibilizados e analizados pois ás veces a desigualdade está tan interiorizada e forma parte de nós ao longo dos anos que parece que deba seguir así. Os estereotipos deben ser derrubados e sobre todo aqueles que encasillan a nenas e mulleres xa que hai diversas formas de ser muller como hai diferentes formas de ser home. Conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias, fan da inclusión un dos piares fundamentais do Plan.

4. **Paridade:** A igualdade formal e a igualdade real entre mulleres e homes integra o sentido deste principio. A paridade constitúe un dereito e un principio fundamental, necesario para a consecución de maiores cotas de xustiza e liberdade no exercicio de dereitos equitativos. A paridade real esixe, por unha parte, a participación equilibrada das mulleres e dos homes nas toma de decisión na vida do centro, no contexto familiar e na vida social.

5. **Corresponsabilidade:** A corresponsabilidade debe ser vivida na aula, no fogar, no centro xa que nenas e nenos, mulleres e homes están capacitados para realizar as mesmas tarefas.

6.- **Conciliación:** A conciliación favorece o empoderamento das mulleres para que poidas desenvolver traballos fóra do fogar. Este principio de conciliación vai xunguido á corresponsabilidade xa que non se trata de que a muller faga o dobre de traballos (no fogar e fóra) senón que os traballos deben ser repartidos pero atendendo á erradicación dos estereotipos de x^o.

7. **Linguaxe:** A linguaxe ao longo da historia é primordialmente masculino e ás veces as nenas e mulleres non se senten identificadas. Tratarase de facer visible unha linguaxe feminina e utilizar unha linguaxe feminina aínda que se recarguen os textos.

8. **O Xogo e os xoguetes:** A través do xogo nenas e nenos poden imaxinar o seu futuro. Xoguetes e xogos favorecen a necesidade de moverse, curiosar, crear, relacionarse, expresarse, intercambiar vivencias, accións e pensamentos. En definitiva, a necesidade de estar e de vivir no mundo. Ao mesmo tempo, os xogos, xoguetes e contos son instrumentos que socializan, que estimulan a comunicación, que serven para a evolución social, individual e social, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un

mundo máxico e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación. Xogar con xoguetes ou ler un libro son un medio imprescindible para promover e favorecer a educación das emocións, dous afectos, a fantasía, a creatividade, linguaxe, articulación, as relacións, a discriminación visual, desenvolvemento do control corporal, relación co espazo,

Todos estes elementos inflúen profundamente na construción da personalidade e identidade das persoas nas súas primeiras etapas de vida. Por iso, debemos ser conscientes do importante papel que desempeñan xogos, xoguetes e contos no desenvolvemento de nenas e nenos

NORMATIVA:

As principais referencias legislativas que foron tidas en conta na elaboración do presente plan son:

- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020
- Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Declaración dos Dereitos da Infancia.
- Lei 4/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Protocolos educativos publicados pola CEUFP

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

Unha vez realizada a análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero podemos expoñer a continuación as conclusións que se obtiveron desta análise.

O centro presenta un clima de convivencia moi positivo no que as relacións interpersoais son fluídas e favorecedoras da aprendizaxe. Respecto da **igualdade de xénero** podemos dicir que existen mecanismos tanto na organización interna coma na normativa educativa que permiten que dita igualdade sexa plenamente efectiva en todos os momentos, funcións e ámbitos que se relacionan co contexto educativo.

A **violencia de xénero** é unha das lacras da sociedade actual e dende o noso centro combatemos todo tipo de manifestación que se vincule con dita violencia tratando de que dende os primeiros anos da súa escolarización, nenas e nenos, convivan e resolvan os conflitos inherentes á convivencia de xeito pacífico.

En canto á **LGBTifobia** podemos concluír que non se observan casos desta índole e que o centro manifesta unha política de tolerancia cero cara os mesmos. Consideramos que cada persoa é libre de escoller a súa identidade sexual así como todos aqueles aspectos que se vinculan ao seu benestar persoal relacionados con esta cuestión. Ata o momento actual o centro non contou coa necesidade de chegar a aplicar, para un caso individual, o establecido no Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero publicado pola consellería en abril do ano 2016. Sen embargo, si que se aplicaron e se seguen a por en práctica as medidas de carácter preventivo incluídas no citado protocolo así como medidas tendentes á sensibilización de toda a comunidade educativa.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

A través deste plan, que se elabora de acordo co establecido na **instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de**

igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional, pretendemos acadar os seguinte obxectivos:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Que todos os membros da comunidade educativa (alumnado, familias , profesorado e persoal non docente) poidan participar coas mesmas oportunidades na vida escolar.
- Erradicar calquera acto, acción, intención ou manifestación respecto de calquera tipo de discriminación independentemente do motivo que a suscite e de xeito especial aqueles relacionados coas cuestión de xénero.
- Favorecer actividades, metodoloxías e dinámicas de centro que implique unha igualdade legal e real.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Previr e intervir, por medio das actividades docentes e da acción titorial, ante calquera caso de violencia de xénero que se chegue a producir no contexto escolar ou naqueles ámbitos que garden relación estreita coa vida escolar.
- Implicar a toda a comunidade educativa na prevención, detección e intervención de calquera tipo de discriminación sexa esta directa ou indirecta.
- Incluír nas programacións de aula actividades nas que se traballan valores de co-responsabilidade nos distintos ámbitos da vida, de forma espacial nos referidos ao ámbito familiar.
- Analizar e intervir na transmisión de saberes respecto dos usos e costumes que se atribúen a cada un dos sexos.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas aos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Realizar actuacións formativas dirixidas ao equipo docente, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Crear centros educativos seguros para as persoas non responden ás expectativas de xénero (DSG*)
- Garantir o dereito dos menores a vivir ou manifestar a súa orientación sexual ou a súa identidade de xénero con total liberdade e en ausencia de medos ou inseguridades.
- Facilitar a formación do profesorado e os profesionais que han de traballar con menores no coñecemento e o trato da diversidade afectivo-sexual e familiar, así como na prevención do acoso homofóbico e transfóbico.

(*)Concepto de DSG: Este concepto DSG é máis preciso que o habitualmente utilizado de LGTB (lesbianas, gais, transexuais e bisexuais) posto que inclúe tamén ás persoas que aínda non se autoidentificaron, ás que non queren facelo, ás persoas transxénero, queer, fillos/as de familias homoparentales, etc. É dicir, fai referencia a quen non responden exactamente ás expectativas sociais respecto de a orientación sexual, ao xénero ou á expresión do mesmo. "Acoso escolar (y

riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidade de género: Fracaso del Sistema educativo.” Madrid, FELGTB.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

- Continuar coa actual dinámica de funcionamento que permite unha representación igualitaria de mulleres e homes tanto nos órganos de decisión coma nos de representación.
- Nomear, de ser posible no actual curso escolar, unha persoa responsable en materia de igualdade no seo do consello escolar para participar no impulso do plan de igualdade.
- Incorporar no PFPP do centro unha vía de formación específica en materia de igualdade de xénero que inclúa formación específica para os distintos sectores da comunidade educativa.
- Continuar co emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Coordinar con ONG ou asociacións actividades para a conmemoración de datas coma o 25 de novembro (Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller), o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) ou o 28 de xuño (Día Internacional do Orgullo LGBT) (trasladando este último, de ser posible, ao período lectivo). Así mesmo tamén se procurará establecer actividades directamente vinculadas coa igualdade de xénero nas restantes conmemoracións do curso escolar.
- Continuar co actual desenvolvemento curricular, integrado dentro da actividade docente diaria, da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Analizar e determinar nos órganos de goberno correspondentes, así como naqueles de coordinación docente que proceda, as pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Sopesar a posibilidade de participación en programas educativos da CEUFP relacionados coa igualdade de xénero que se adapten ás características do alumnado do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Continuar coa revisión continua das programacións didácticas e a propia práctica docente sobre aspectos como:
 - Mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
 - Saberes tradicionalmente asociados ás mulleres.
 - Desigualdades de xénero.
 - Papel da muller na historia da humanidade.
 - ...
- Continuar coa revisión continua do material didáctico empregado na aula como:
 - Valores.
 - Normas.
 - Representacións.
 - Selección de contidos, Personaxes, Imaxes, Linguaxe,...
- Coordinar, con asociacións, entidades locais ou ONG, actividades información e e sensibilización na aula, así como coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difusión de toda aquela información relativa á igualdade efectiva de mulleres e homes tanto nas dependencias do centro como por aqueloutros soportes aos que ten acceso o centro.
- Continuar coas prácticas educativas xa establecidas respecto a temas como:
 - Lecturas coeducativas nas aulas e na biblioteca escolar.
 - Organización de actividades por parte da ANPA con marcado carácter coeducativo (obras de teatro, contacontos, etc)
 - Corroborar a idoneidade de todas aquelas persoas que colaboran co centro educativo no que a igualdade de xénero se refire.
 - Empregar contidos de actualidade adecuados á idade na sensibilización para unha igualdade real.

- Organización do patio escolar que permita un patio inclusivo e libre de estereotipos.
- Realizar actividades dentro do PAT (Plan de acción tutorial) así como dentro das programacións de aula nas que se aborden temas como o acoso sexual, a orientación sexual, a identidade de xénero, adaptadas á idade do alumnado.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Coordinar a nivel de centro programas e proxectos que promovan o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Revisar os documentos de centro, de xeito especial o plan de convivencia, de cara a incluír ou modificar aqueles obxectivos directamente relacionados coa igualdade de xénero.
- Establecer, nas dinámicas de aula, actividades e rutinas que permitan promover unha educación corresponsable do alumnado respecto das tarefas a desenvolver na sociedade e na vida familiar e escolar.
- Realizar saídas ao entorno próximo enmarcadas dentro de programas e actividades de intervención social nas que se aborde a igualdade de xénero.

6. Seguimento e avaliación.

O seguimento deste Plan realizarase trimestralmente e anualmente, tanto no Claustro coma no Consello Escolar de Centro, incluíndo a memoria sobre as actividades desenvoltas dentro da memoria final do centro.

O centro acorda establecer mecanismos de seguimento e avaliación do presente plan co fin de adaptar o mesmo ás necesidades que se detecten.

Establécese a creación de dous cuestionarios, un para o profesorado e outro para as familias, que se aplicarán ao remate do curso escolar e que servirán para valorar o grao no que se acadaron os obxectivos propostos, o nivel de implicación de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do plan así como a viabilidade, variedade e adecuación das actividades propostas.